

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMORIA 2011



XUNTA DE GALICIA

MEMORIA 2011

Escola Galega de Administración Pública

FICHA TÉCNICA

Edita:

Escola Galega de Administración Pública

Ano de publicación:

2012

ÍNDICE

<u>A Escola Galega de Administración Pública</u>	6
<u>Actividades para o persoal da Administración autonómica</u>	11
<u>Actividades para o persoal da Administración local</u>	137
<u>Actividades para o persoal da Administración de xustiza</u>	196
<u>Xornadas, seminarios e conferencias</u>	220
<u>Cursos superiores e de especialización</u>	239
<u>Publicacións</u>	245
<u>Actividades en colaboración</u>	250
<u>A xestión da calidade</u>	271
<u>Relación de docentes</u>	276
<u>Resumo estatístico</u>	329

A EGAP

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Presentación

A

Escola Galega de Administración Pública (EGAP) foi creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio, “como organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito organicamente á Consellería da Presidencia”, ante “a necesidade de contar cun persoal adecuado para dar satisfacción ás demandas sociais que se lles formulan ás Administracións públicas”, ofrecendo unha formación que “vai dirixida a acadar unha maior profesionalización do seu persoal que redunde nunha maior eficacia na prestación dos servizos públicos”.

Nos seus case 25 anos de historia, a EGAP consolidou a súa labor como **centro oficial de docencia, de investigación e de divulgación** de todas aquelas materias de interese para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, doutras Administracións galegas e da sociedade en xeral, constituíndose como un **instrumento de primeira orde para a profesionalización da**



A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Liñas estratéxicas

Función pública, acorde coas esixencias dunha sociedade democrática e do Estado de dereito.

A Escola Galega de Administración Pública é:

- Un **centro de formación e especialización** dos empregados públicos de Galicia, que procura a actualización permanente dos coñecementos dos empregados públicos e a profesionalización do persoal das Administracións públicas, desde a vontade de “formar para servir” á cidadanía.
- Un **foro de debate** e análise das problemáticas da sociedade, a fin de poder extraer información para poñer en marcha políticas públicas que sexan implementadas polas distintas administracións.
- Un **centro de información** á cidadanía, que difunde as novidades normativas para mellorar a interlocución entre cidadanía e Administración.

As liñas estratéxicas que guían a acción da EGAP son:

1. Compromiso coa modernización e coa innovación tecnolóxica na Administración pública galega. Tomando como marco de referencia a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal. Na EGAP avanzamos no desenvolvemento de varias iniciativas:

- A promoción dun sistema de Acreditación de Competencias TIC, en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que contempla un itinerario formativo para os empregados públicos (Plan Ofimático de Galicia) e probas específicas de libre acceso que dan lugar á certificación ou diploma correspondente sen necesidade de realizar unha actividade formativa. Este sistema posibilita que se liberen prazas a favor daquelas persoas que realmente necesitan a formación e non só o seu recoñecemento formal.
- O incremento da oferta formativa en teleformación, xa que este

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Liñas estratéxicas

sistema elimina as barreiras espaciais e temporais e contribúe á conciliación da vida familiar e laboral; permitindo ademais ofertar formación a un maior número de persoas a un menor custo, é dicir, unha utilización máis eficiente dos recursos.

- A aposta polo proxecto EGAP 2.0, que nace da vontade de poñer o coñecemento xerado pola Escola ao servizo da cidadanía e favorecer a participación da cidadanía a través das novas tecnoloxías.
 - A intensificación da oferta de actividades formativas e divulgativas relacionadas coa e-Administración (como a interoperabilidade, o certificado dixital ou a administración electrónica).
2. Máis formación práctica e en liña coas necesidades reais da Administración e dos empregados públicos, para que os coñecementos e habilidades adquiridos teñan a máxima aplicabilidade no traballo, contribuíndo ao desenvolvemento profesional e á mellora na prestación dos servizos.
 3. Máis descentralización da formación, cunha actividade cada vez maior en todo o territorio galego, para que os empregados públicos poidan acceder á formación nas mellores condicións e conciliar os tempos. A teleformación reforza esta liña de acción, xa que constitúe unha forma eficaz de descentralizar as actividades formativas.
 4. Transparencia e compromiso cos usuarios/as da EGAP-Administración, empregados públicos e docentes- mediante a avaliación continua, continua e sistemática da calidade e da satisfacción coa formación.
 5. Excelencia na prestación dos servizos, como eixo transversal da actuación da Escola, baseándonos en ferramentas e marcos de referencia como o Modelo Europeo EFQM de Excelencia, a norma UNE-EN ISO 9001:2008 e a metodoloxía de Carta de servizos da Xunta de Galicia, que orientan a acción da Escola cara á calidade e á mellora

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Liñas estratéxicas

continua.

6. Eficiencia na xestión orzamentaria e austeridade, ofrecendo formación de calidade a un menor custo, ao que contribúen distintos factores, como o uso intensivo das TIC para facer chegar a formación a un maior número de persoas; o cambio na estrutura orgánica (decreto 175/2010) que eliminou duplicidades e contribuíu a racionalizar os procesos; e as melloras na xestión dos procesos da Escola grazas á implantación dos sistemas de calidade.

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Convocatorias



Como consecuencia do **cambio na estrutura orgánica** que levou a cabo a Escola Galega de Administración Pública, acádase a expectativa manifestada polo persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de **coñecer o Plan de formación no ano anterior á realización das actividades**. Tamén

se consegue dar satisfacción á demanda de dispoñer da **segunda convocatoria entre os meses de maio e xuño**.

Datas das convocatorias:

CONVOCATORIA	DOG E DATA
Publicación do Plan de Formación Continua 2011	DOG núm. 243, do 21 de decembro de 2010
Convocatoria do 1º semestre de cursos de Formación Continua	DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2010
Convocatoria do 2º semestre de cursos de Formación Continua	DOG núm. 93, do 13 de maio de 2011
Convocatoria dos cursos de Linguaxe administrativa galega	DOG núm. 28, do 10 de febreiro de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

A CALIDADE DA REDACCIÓN ADMINISTRATIVA. TÉCNICAS PARA MELLORALA. FC11105

Obxectivos:

O curso oriéntase a mellorar as destrezas lingüísticas da escritura en lingua galega co fin de potenciar a calidade na redacción e estrutura dos textos, así como a súa eficacia comunicativa.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos A1,A2 e C1 e I, II e III da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas: do 2 ao 10 de maio e do 17 ao 25 de outubro en Santiago de Compostela

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

Principios xerais para unha boa redacción, a escolla do rexistro adecuado, o respecto pola ortografía e a gramática, o proceso de escritura, a estrutura dos escritos, a construción do parágrafo, a construción da frase, a escolla das palabras e a uniformidade na aplicación de convencións ortotipográficas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

ATENCIÓN TELEFÓNICA AO CIDADÁN. FC11106

Obxectivos:

Desenvolver actitudes adecuadas na atención telefónica ao cidadán. Adestrar e adquirir estruturas adecuadas na recepción das chamadas, para dar información adecuada á demanda e para transferir chamadas en presenza/ausencia do destinatario e do xefe/a. Adestrar e adquirir destrezas e actitudes adecuadas en situacións de especial dificultade e na realización das chamadas. Ofrecer ao cidadán un servizo por teléfono de calidade.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C2, agrupacións profesionais, IV e V da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 6

Lugares e datas:

A Coruña: 23,24,28,29 e 30 de marzo

Ferrol: 18,19,23,24, e 25 de maio

Lugo: 4,5,9,10,11 de maio

Ourense: 26,27 e 28 de abril, 2 e 3 de maio

Pontevedra: 4,5,6,11 e 12 de abril

Santiago de Compostela: 14,15,16,21 e 22 de marzo

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:

Análise da propia capacidade de percepción e factores que a condicionan, o momento da recepción de chamadas, chamadas para dar ou transmitir información, transferencia de chamadas a un compañeiro/a e un xefe/a, e chamadas que presentan unha queixa ou unha reclamación.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. FC11037

Obxectivos:

Formar aos traballadores en prevención de riscos laborais, segundo o establecido no Anexo IV B) do Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Destinatarios:

Empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente, para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 14 de febreiro ao 18 de marzo

T02: do 25 de abril ao 27 de maio

T03: do 12 de setembro ao 14 de outubro

T04: do 24 de outubro ao 30 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo, os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais (riscos ligados ás condicións de seguridade e ao medio-ambiente; a carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral; sistemas elementais de control de riscos; plans de emerxencia e evacuación; o control da saúde dos traballadores), riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade, elementos básicos de xestión da prevención (organismos públicos relacionados e organización do traballo preventivo), e primeiros auxilios.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

CURSO BÁSICO SOBRE O TURISMO EN GALICIA. FC11047

Obxectivos:

Dar a coñecer as características do mercado turístico en xeral e as peculiaridades do turismo en Galicia. Pór en valor os recursos turísticos da comunidade autónoma para a súa conversión en produtos turísticos para deseñar a oferta turística.

Destinatarios:

Empregados da administración pública interesados en coñecer o funcionamento e as peculiaridades dun destino turístico (Galicia) tomando como referencia conceptos básicos de turismo.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 9 ao 10 de maio

Prazas: 30

Contido básico:

Mercado turístico (definición do termo turismo, concepto e características do mercado turístico, tipos de mercado, correntes e núcleos turísticos, futuro do mercado turístico) e o turismo en Galicia (planificación e xestión do territorio galego, entidades e organismos públicos responsables do turismo en Galicia, a oferta turística galega, avaliación potencial da demanda galega, produtos turísticos, recursos turísticos en Galicia e principais microdestinos dentro da Comunidade).

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN. FC11059

Obxectivos:

Comprensión dos modos de conduta e das diferentes situacións que se poden presentar no desenvolvemento dun posto de traballo de atención ao público.

Destinatarios:

Persoal dos grupos C1, C2 e agrupacións profesionais e III, IV e V da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que ocupen postos de traballo nos que realicen tarefas de atención ao público e de información ao cidadán. Con coñecemento e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 5 de setembro ao 5 de outubro

T02: do 10 de outubro ao 11 de novembro

T03: do 14 de novembro ao 16 de decembro

Prazas: 60 en cada edición

Contido básico:

A relación interpersonal. Elementos básicos da comunicación. Técnicas de información ao público. A resolución de situacións.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

INICIACIÓN Á CALIDADE. FC11060

Obxectivos:

Introducir aos empregados públicos no coñecemento dos conceptos básicos da calidade.

Destinatarios:

Persoal dos grupos A1, A2 e C1, e I, II e III da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con coñecemento e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 4 de febreiro ao 4 de marzo

T02: do 8 de marzo ao 8 de abril

T03: do 20 de xuño ao 20 de xullo

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Introdución á calidade. Evolución e ferramentas. A medida como factor do cambio. Xestión da calidade nas organizacións públicas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA APLICADOS AO MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS E URBANISMO. FC11016

Obxectivos:

Formar ao persoal da Administración no uso de tecnoloxías SIX (Sistemas de Información Xeográfica) desde un enfoque práctico e orientado aos traballos reais na xestión, análise, avaliación e actuacións no territorio galego.

Destinatarios:

Persoal da Administración autonómica en xeral que teñan necesidades de abrir ficheiros CAD, arquivos con datos xeográficos, consulta de mapas e bases de datos territoriais, en especial técnicos/responsables da Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe, Augas de Galicia, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e do resto da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 15 de febreiro ao 1 de marzo

Prazas: 25

Contido básico:

Introdución aos SIX: conceptos básicos; manexo de datos vectoriais, raster e bases de datos; interface e ferramentas de navegación e consulta; ferramentas de representación gráfica (simboloxía); creación e edición de información xeoespacial; ferramentas de análise; e impresión e creación de mapas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

O SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS. GALICIA. FC11048

Obxectivos:

Dar a coñecer o modelo SICTE e a súa implantación no destino, así como facilitar ao alumnado unha metodoloxía que conduza a unha planificación e coordinación integral que redunde na cultura da calidade.

Destinatarios:

Empregados da Administración pública interesados en coñecer o funcionamento e as peculiaridades dun destino turístico (Galicia) tomando como referencia a implantación do sistema integral de calidade turística en destinos.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 22 de marzo ao 24 de marzo

Prazas: 30

Contido básico:

O S.I.C.T.E.D; procesos de xestión do xestor SICTED dun destino (Galicia); acervo metodolóxico; o proceso de avaliación; e caso práctico.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

OS PRIMEIROS AUXILIOS. FC11038

Obxectivos:

Capacitar aos traballadores da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia inmediata ás vítimas de accidentes antes da chegada de persoal médico especializado.

Destinatarios:

Empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia con coñecemento e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 7 de febreiro ao 4 de marzo

T02: do 21 de marzo ao 15 de abril

T03: do 19 de setembro ao 14 de outubro

T04: do 24 de outubro ao 18 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

¿Qué son os primeiros auxilios?, activación do sistema de emerxencia, valoración da vítima, hemorraxias, shock, estados de inconsciencia, respiración artificial, reanimación cardiopulmonar (R.C.P.), atragoamentos, feridas, queimaduras, fracturas, intoxicacións, accidentes oculares, e transporte de feridos.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN OFICINAS E DESPACHOS. GALICIA. FC11039

Obxectivos:

Formar aos traballadores/as da Xunta de Galicia en materia de Seguridade e Saúde Laboral segundo o establecido no artigo 19 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais.

Destinatarios:

Empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que realiza traballos de carácter administrativo.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 14 de febreiro ao 4 de marzo

T02: do 21 de marzo ao 8 de abril

T03: do 3 ao 24 de outubro

T04: do 7 ao 25 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Posto de traballo: a mesa, a cadeira, o ordenador; a postura de traballo; o coidado do lombo; riscos xenéricos relacionados coas características do lugar de traballo; emerxencia no posto de traballo; primeiros auxilios; riscos psicosociais; e o estrés laboral.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL VETERINARIO. FC11040

Obxectivos:

Formar ao persoal veterinario da Xunta de Galicia acerca dos riscos inherentes ao seu posto de traballo tal como sinala o art. 19 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais.

Destinatarios:

Empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 31 de marzo

Prazas: 50

Contido básico:

A Lei de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento aplicable, a organización da prevención de riscos laborais na Xunta de Galicia, riscos derivados dos diferentes lugares de traballo no sector e das diferentes tarefas, riscos derivados do manexo de animais, exposición a axentes biolóxicos na manipulación de animais e mostras e produtos biolóxicos, seguridade no transporte de material biolóxico, seguridade nos traballos de laboratorio, medidas hixiénicas, equipamentos de protección individual, e procedementos de primeiros auxilios e emerxencia.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. PRIMEIROS AUXILIOS, LOITA CONTRA INCENDIOS E EVACUACIÓN. FC11100

Obxectivos:

Formar os integrantes dos grupos de acción das Medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia, segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal da administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 5

Lugares e datas:

A Coruña: do 10 ao 11 de febreiro

Lugo: do 17 ao 18 de febreiro

Ourense: do 24 ao 25 de febreiro

Pontevedra: do 3 ao 4 de marzo

Santiago de Compostela: do 10 ao 11 de marzo

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios. Actuación en caso de Emerxencia. Primeiros auxilios. Prácticas con lume real: extintores e bocas de incendios equipadas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS. FC11041

Obxectivos:

Coñecer as condicións en materia de seguridade e saúde laboral, que se poden dar nos centros de servizos sociais (Escolas infantís, residencias de maiores, centros de atención a persoas con discapacidade e centros de menores) con especial atención aos riscos específicos e a actuación en caso de emerxencia.

Destinatarios:

Persoal da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais e o persoal dos centros de Servizos Sociais.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 9 ao 11 de marzo

Prazas: 25

Contido básico:

Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes. / Elementos básicos da xestión de prevención de riscos. O plan de prevención. / A Avaliación de Riscos: Identificación dos riscos específicos propios destes centros en función da súa tipoloxía e a súa prevención (Metodoloxía). / Os riscos psicosociais: Traballo a quendas, traballo nocturno, síndrome do queimado (Burnout), o estrés laboral. / Actuación en caso de emerxencia. Medidas de emerxencia. / O Plan de autoprotección.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: SEGURIDADE NOS LABORATORIOS. FC11042

Obxectivos:

O obxectivo deste curso é fomentar unha cultura preventiva do persoal que traballa neles, proporcionando a información necesaria para desenvolver o traballo de laboratorio en condicións seguras consonte á lexislación vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e abordando os principais perigos e riscos, normas de conduta e de traballo correctas e protocolos de actuación en caso de accidente.

Destinatarios:

Persoal que desenvolve o seu traballo nos distintos laboratorios e os restauradores/as de museos, arquivos e bibliotecas da Xunta de Galicia, que está en contacto con substancias químicas.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de outubro ao 30 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

Normas xerais de seguridade, equipos de seguridade, seguridade dos aparatos de laboratorio, consideracións relativas á estrutura, deseño e distribución dos laboratorios, condición de seguridade relativas a instalacións, consideracións de seguridade relacionadas con algunhas operacións comúns nos laboratorios, procedementos de primeiros auxilios e emerxencia, xestión de residuos, información de riscos dos produtos químicos, información específica para traballadoras en período fértil en relación cos riscos específicos durante o embarazo e a lactación.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

REXISTRO E INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA. FC11087

Obxectivos:

Coñecer como rexistrar documentación, compulsar e emitir certificacións sobre as actividades do rexistro; a información administrativa da Xunta de Galicia ofrecida polas oficinas de atención á cidadanía (información e/ou rexistro).

Destinatarios:

Persoal con experiencia en rexistro e/ou información administrativa, que non teña realizado este curso en 2007 ou 2008.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 7

Lugares e datas:

A Coruña: do 23 ao 26 de maio

Ferrol: do 11 ao 14 de abril

Lugo: do 5 ao 8 de abril

Ourense: do 2 ao 5 de maio

Pontevedra: do 30 de maio ao 3 de xuño

Santiago de Compostela: do 4 ao 7 de abril

Vigo: do 21 ao 24 de xuño

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

Actividade de rexistro: entradas e saídas; compulsas e certificacións, a organización do traballo nos rexistros da Xunta de Galicia; a recepción de solicitudes, escritos e comunicacións e a preparación para a súa remisión ao destinatario. A información administrativa: tipos, actualización e acceso á información; suxestións e queixas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

VIRTUALIZACIÓN VMWARE. FC11097

Obxectivos:

O obxectivo do curso é dar unha visión xeral acerca do sistema de virtualización VMWare.

Destinatarios:

Persoal funcionario da escala técnica auxiliar de informática (grupo C1), escala de xestión de sistemas de informática (grupo A2), escala de sistemas e tecnoloxías da información (grupo A1), persoal laboral técnico especialista en informática (grupo III, categoría 91), técnico superior diplomado en informática (grupo II, categoría 27) e persoal licenciado informático (grupo I, categoría 18) da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 20 ao 24 de xuño

Prazas: 20

Contido básico:

Introdución á virtualización, instalación e administración de VMWare, e copia de seguridade de máquinas virtuais.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

VIRTUALIZACIÓN: XEN. FC11098

Obxectivos:

O obxectivo do curso é dar unha visión xeral acerca do sistema de virtualización Xen

Destinatarios:

Persoal funcionario da escala técnica auxiliar de informática (grupo C1), escala de xestión de sistemas de informática (grupo A2), escala de sistemas e tecnoloxías da información (grupo A1), persoal laboral técnico especialista en informática (grupo III, categoría 91), técnico superior diplomado en informática (grupo II, categoría 27) e persoal licenciado informático (grupo I, categoría 18) da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 21 ao 25 de novembro

Prazas: 25

Contido básico:

Introdución á virtualización, instalación e administración de Xen, e copia de seguridade de máquinas virtuais.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

XÉNERO E IGUALDADE NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. FC11035

Obxectivos:

Adquirir coñecementos e reflexionar sobre os conceptos básicos que constrúen e enmarcan a realidade social da igualdade de oportunidades, conceptos fundamentais como xénero, discriminación, patriarcado, roles ou estereotipos, medidas e instrumentos empregados para corrixir situacións de desigualdade e discriminación que nos poidan rodear. Coñecer como as institucións públicas se foron adaptando e creando novos organismos que apoien e conduzan este cambio social. Abordar á perspectiva de xénero no ámbito da xestión das administracións públicas.

Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1, A2, C1 e C2 e persoal laboral asimilado.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 29 de abril ao 25 de maio

T02: do 10 de maio ao 10 de xuño

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Módulo 1: Introducción á igualdade de xénero.

Módulo 2: Políticas públicas de xénero.

Módulo 3: Organización administrativa para promover a igualdade entre homes e mulleres.

Módulo 4 Avaliación de impacto e indicadores de xénero.

Módulo 5: Instrumentos de intervención en materia de xénero.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de coñecementos transversais

XESTIÓN DE PROXECTOS. FC11099

Obxectivos:

Coñecer as etapas ou ciclo de vida dun proxecto informático, e saber aplicar, en todo momento, algunhas das metodoloxías existentes para definir e construír de forma adecuada proxectos do sector tecnolóxico.

Destinatarios:

Persoal funcionario da escala técnica auxiliar de informática (grupo C1), escala de xestión de sistemas de informática (grupo A2), escala de sistemas e tecnoloxías da información (grupo A1), persoal laboral técnico especialista en informática (grupo III, categoría 91), técnico superior diplomado en informática (grupo II, categoría 27) e persoal licenciado informático (grupo I, categoría 18) da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 48 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 31 de xaneiro ao 24 de febreiro

Prazas: 20

Contido básico:

Visión profesional da Dirección de Proxectos, ciclos de vida e métodos de desenvolvemento de software, os requisitos e o alcance do proxecto, estimación do tamaño e o esforzo en proxectos informáticos, xestión eficaz de tempo e custos, seguimento e control, equipo humano e comunicación no proxecto, xestión de riscos dun proxecto, recomendacións sobre adquisicións e subcontratacións, modelo de documentos de utilidade para xestionar proxectos informáticos.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

A INACTIVIDADE DA ADMINISTRACIÓN E AS SÚAS CONSECUCIAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DA ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA. FC11019

Obxectivos:

Estudar o deber xurídico de actuar da Administración pública, analizando as súas dificultades e obstáculos dende un punto de vista teórico e práctico. Exame dos diferentes supostos de inactividade consagrados no ordenamento xurídico, con especial mención do silencio administrativo e do exceso no cómputo dos prazos, intentando reparar nas consecuencias do incumprimento do deber de actuar da administración e valorando a súa responsabilidade nese incumprimento.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 13 de abril

Prazas: 20

Contido básico:

Aproximación ao concepto de inactividade. O seu reflexo na Lei 29/1998 LXCA. Iniciación de oficio dos procedementos administrativos. Deber de incoación e discrecionalidade. A inactividade administrativa e o silencio administrativo. O deber de resolver e os actos tácitos e presuntos. A inactividade administrativa e o procedemento sancionador. A negativa a incoar o procedemento sancionador e as súas consecuencias. A inactividade inadministrativa e o cumprimento dos prazos. Caducidade e prescrición. Inactividade administrativa e execución de actos administrativos. Inactividade administrativa e execución de sentenzas. Inactividade administrativa e responsabilidade administrativa.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NO DESEÑO, EXECUCIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS. FC11020

Obxectivos:

Análise da incorporación da perspectiva de xénero no ciclo do proxecto.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 23 de maio ao 1 de xullo

Prazas: 20

Contido básico:

1. A integración da igualdade entre mulleres e homes nos proxectos. 2. Ciclo do proxecto: a fase de identificación. 3. A fase de deseño. 4. A fase de execución e de seguimento. 5. A fase de avaliación. 6. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no actual período de programación (2007-2013). 7. Os informes de impacto de xénero.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

CONTROL DE XESTIÓN POR INDICADORES E CADROS DE MANDO. FC11085

Obxectivos:

Dar a coñecer entre os corpos directivos da Xunta de Galicia un modelo de control de xestión a través de indicadores e cadros de mando co fin de mellorar o control da xestión e favorecer a toma de decisións.

Destinatarios:

Directivos da Xunta de Galicia , Organismos autónomos (subdirectores , xefes servizo e demais persoal).

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 6 ao 9 de xuño

Prazas: 15

Contido básico:

Modelos de control da xestión. O control da xestión a través de cadros de mando. Experiencias en materia de control da xestión e cadros de mando.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

CURSO PRÁCTICO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. FC11021

Obxectivos:

Aproximación práctica e actual aos problemas que suscita a responsabilidade patrimonial.

Destinatarios:

Preferentemente licenciados en dereito, xa sexan persoal laboral como funcionario; con preferencia para aqueles que traballen en unidades tramitadoras de expedientes de responsabilidade patrimonial.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 14 de abril

Prazas: 20

Contido básico:

1. Presentación do curso; programación e normas. A responsabilidade do estado lexislador.
 2. Regulación actual da institución. Características e orzamentos da responsabilidade da Administración.
 3. Procedementos en materia de responsabilidade patrimonial; procedemento ordinario e abreviado.
 4. A responsabilidade de autoridades e de persoal ao servizo das administracións públicas.
 5. A responsabilidade de contratistas e concesionarios na Lei de contratos do sector público.
 6. A responsabilidade patrimonial sanitaria.
 7. A intervención dos órganos consultivos no procedemento de responsabilidade patrimonial. O Consello Consultivo de Galicia e o Consello de Estado.
- Teorías sobre a responsabilidade patrimonial e taller práctico.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

DEFECTOS DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E O SEU REFLEXO NA XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA. FC11022

Obxectivos:

Estudo en profundidade daqueles aspectos do actuar administrativo onde se concentran a maior parte das alegacións de incorrecto proceder administrativo, con mención moi cualificada ao seu tratamento pola xurisdición contenciosa.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 2 ao 11 de maio

Prazas: 20

Contido básico:

- Os principios básicos do procedemento administrativo.
- Os efectos da extemporaneidade nas actuacións administrativas.
- A terminación do procedemento administrativo.
- A executividade do acto administrativo.
- A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.
- A impugnación das actuacións administrativas defectuosas na xurisdición contenciosa
- A inactividade da Administración. A vía de feito.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

DEREITO SANCIONADOR E CONTROL XURISDICCIONAL DA POTESTADE SANCIONADORA DA ADMINISTRACIÓN. FC11023

Obxectivos:

Perfeccionar o coñecemento dos principios que rexe a aplicación das normas sancionadoras e o proceso sancionador, así como analizar o control pola xurisdicción contencioso administrativa da potestade sancionadora da administración.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 14 ao 23 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

- A potestade sancionadora da Administración. Principios que regulan o exercicio da potestade sancionadora. A súa translación ao dereito penal.
- O procedemento administrativo sancionador. Suxeitos e responsabilidade. Formas de inicio. Actuacións previas e medidas cautelares.
- Procedemento administrativo sancionador e proceso penal: relacións e interferencias.
- Cómputo de prazos para o procedemento sancionador: prescrición e caducidade.
- A proba no procedemento sancionador. A presunción de inocencia e a carga da proba.
- A resolución sancionadora: a súa motivación e notificación.
- A suspensión no procedemento sancionador.
- Os recursos administrativos contra as sancións administrativas.
- Aspectos prácticos da impugnación das sancións na xurisdicción contenciosa.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

DESENVOLVEMENTO E FOMENTO DAS HABILIDADES COMUNICATIVAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. FC11118

Obxectivos:

Crear unha imaxe única realzando os puntos fortes e evitando os débiles, usar todas as potencialidades da comunicación non verbal e a voz, recoñecer e aproveitar as emocións máis axeitadas para cada unha das partes do discurso, dominar a estrutura do discurso, adquirir confianza no propio discurso, evitando bloqueos, e dominar todos os escenarios de comunicación.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos A1 e A2 (Subdirectores e Xefes de servizo).

Desenvolvemento:

Duración: 26 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 8 de febreiro ao 8 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

Liderado de equipos: a comunicación e a confianza para o alto rendemento. Desfrutar de falar en público: o discurso 100%. Conversacións poderosas: influír, desenvolver persoas e toma de decisións. Roldas de prensa, declaracións e entrevistas. Coaching en equipo. Xornadas de experiencias.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

IGUALDADE DE XÉNERO. PERSPECTIVA XURÍDICA. FC11024

Obxectivos:

Análise da igualdade de xénero desde o ámbito xurídico.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 13 de abril

Prazas: 20

Contido básico:

1. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito internacional. 2. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito europeo. 3. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no marco estatal. 4. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito autonómico.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA IMAXE DA MULLER NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE. FC11025

Obxectivos:

Análise do tratamento da imaxe da muller nos medios de comunicación e na publicidade.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 21 ao 30 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

1. Análise histórica sobre os roles de xénero. 2. A imaxe publicitaria da muller. 3. Tratamento informativo da violencia contra as mulleres. 4. A prostitución nos medios de comunicación. 5. O uso sexista da linguaxe e o tratamento non sexista da información. 6. Os mass media na educación emocional das adolescentes. 7. O observatorio da publicidade. A publicidade non sexista.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

TALLER DE SUBVENCIONES. FC11071

Obxectivos:

Obter o coñecemento especializado da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e do regulamento que a desenvolve dende un punto de vista técnico xurídico e xurisprudencial, con especial incidencia na xestión. A materia presenta especial interese científico e técnico e ten por obxecto proporcionar cualificación no ámbito da xestión pública.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos grupos A1,A2,C1, I e II con coñecementos previos (a través da experiencia profesional ou doutros cursos realizados) sobre subvencións e destinados nun posto de traballo onde se requiran os coñecementos obxecto deste curso.

Desenvolvemento:

Duración: 40 horas

Modalidade: mixta

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de outubro ao 15 de decembro

T02: do 24 de outubro ao 15 de decembro

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

MÓDULO I: A subvención: concepto, caracteres e principios.

MÓDULO II: As subvencións fronte a outras figuras xurídicas afíns.

MÓDULO III: Aspectos xerais de xestión orzamentaria.

MÓDULO IV: Xustificación, reintegro e comprobación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións. Control financeiro das subvencións.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

TÉCNICA NORMATIVA. ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DE DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL. FC11026

Obxectivos:

Profundar no coñecemento das directrices da técnica normativa dirixidas a mellorar a redacción, a estrutura e os trámites esenciais do procedemento de elaboración das

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1 e A2 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 6 ao 12 de abril

Prazas: 20

Contido básico:

- 1- Fase Inicial do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral
- 2- Trámites preceptivos e redacción do borrador de texto articulado.
- 3- Regras da Técnica Normativa. Redacción e estruturación das normas. Parte expositiva. Parte dispositiva. Parte Final. Normas de modificación.
- 4- Fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.- Informes preceptivos, trámite de audiencia, informe da Asesoría Xurídica Xeral. Informe da Secretaría Xeral da Consellería.
- 5- Fase final e ditame do Consello Consultivo de Galicia. Regulamentos executivos.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de economía e finanzas

A XESTIÓN DOS FONDOS COMUNITARIOS FEDER-FSE 2007/2013. FC11028

Obxectivos:

Dar a coñecer a xestión dos fondos europeos Feder e Fse e a súa normativa reguladora, os gastos que financian, a xestión das certificacións de gasto, os indicadores de seguimento, as axudas públicas, as auditorías de fondos, etc. para conseguir unha xestión máis eficaz .

Destinatarios:

Grupos A1, A2, E C1 da Xunta de Galicia e laborais dos grupos I, II, III do convenio.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 19 de abril

Santiago de Compostela: do 24 de outubro ao 9 de novembro

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:

- 1- Xestión do P.O. Feder 2007 - 2013.
- 2- Xestión do P.O. FSE 2007 - 2013.
- 3- Gastos subvencionables. Criterios de selección de proxectos.
- 4- Xestión das certificacións de gastos. Orzamento anual.
- 5- Indicadores de seguimento, limiares de execución e avaliación.
- 6- Axudas públicas.
- 7- Auditoría de fondos.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de economía e finanzas

CURSO PRÁCTICO DE FISCALIZACIÓN E XESTIÓN CONTABLE. FC11044

Obxectivos:

Análise práctico do acordo de fiscalización limitada e dos instrumentos básicos de xestión contable do gasto público.

Destinatarios:

Funcionariado dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A actividade formativa vai dirixida a todos aqueles que participen na xestión do gasto público, co obxecto de profundar dunha forma práctica no exercicio da fiscalización limitada e na mellora no emprego do Xumco-2 desde un punto de vista contable.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 13 de abril

Santiago de Compostela: do 17 ao 26 de outubro

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

- 1- Análise dos aspectos a comprobar no réxime de fiscalización limitada previa. Desenvolvemento do Acordo de fiscalización limitada. Supostos prácticos.
- 2- Documentación que se achega con cada tipo de expediente.
- 3- Fases de execución do orzamento de gasto.
- 4- Documentos contables asociados a cada tipo de expedientes e fase de execución contable.
- 5- Desenvolvemento do Xumco-2.
- 6- Desenvolvemento dos tipos e subtipos.
- 7- Análise do control posterior.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de economía e finanzas

CURSO PRÁCTICO DE SUBVENCIONS. LEI 9/2007 E REGULAMENTO DE SUBVENCIONS DE GALICIA. FC11029

Obxectivos:

A actividade formativa vai dirixida a todos aqueles que participen na xestión económica, supervisión e control das subvencións mediante unha análise profunda da Lei 9/2007 e do seu desenvolvemento regulamentario.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 que xestionen expedientes de subvencións.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 10 ao 28 de febreiro

Santiago de Compostela: do 2 ao 19 de maio

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

- 1- Efectos e implicacións na xestión económica das subvencións. Análise da Lei 9/2007 e do regulamento aprobado por Decreto 11/2009.
- 2- Ámbito de aplicación
- 3- Bases reguladoras e convocatoria.
- 4- Procedementos de concesión. Supostos prácticos.
- 5- Execución da convocatoria. Xestión orzamentaria e contable. Modificacións de crédito. Supostos prácticos.
- 6- Xustificación e pagamento. Supostos prácticos.
- 7- Control. Incumprimentos e anomalías máis frecuentes. Supostos prácticos.
- 8- Base de datos de subvencións.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de economía e finanzas

CURSO PRÁCTICO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA. FC11030

Obxectivos:

Análise práctico da xestión orzamentaria.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A actividade formativa vai dirixida a todos aqueles que participen na xestión orzamentaria, mediante unha análise práctica da principal normativa aplicable.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 3 de marzo ao 4 de abril

Prazas: 25

Contido básico:

- 1- Análise normativo do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e da Lei de orzamentos para o ano 2011.
- 2- Elaboración e aprobación dos orzamentos xerais.
- 3- Estrutura orzamentaria.
- 4- Modificacións orzamentarias. Supostos prácticos.
- 5- Execución dos orzamentos de gastos e ingresos. Documentos contables.
- 6- Control orzamentario. Supostos prácticos.
ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

PRESENTACIÓNS EFICACES. FC11111

Obxectivos:

Elaborar presentación co programa Powerpoint tendo en conta a estratexia de comunicación a seguir e os principios básicos do deseño gráfico.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que elabore ou vaia a elaborar presentacións, como apoio a un discurso oral, con coñecementos básicos do programa Powerpoint.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 9 ao 25 de maio

Prazas: 20

Contido básico:

Proceso de creación dunha presentación: análise do contexto (destinatarios, escenario e equipamento.) e estruturación: determinar o contido: estratar, secuenciar, resaltar, esquematizar; Recompilar recursos; determinar a forma gráfica; e elaborar o guión. Realización da presentación.

- Deseño gráfico: cor, tipografía e composición: equilibrio, xerarquía visual, espazos en branco.
- Programa PowerPoint 2003: Editar, activar e seleccionar diapositivas; plantillas: estilo e deseño; inserir e modificar obxectos: texto, formas, autoformas, imaxes; diapositivas patrón; e visualizar a presentación: transicións, efectos e animacións.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

REDE DE TELECOMUNICACIÓNS. A REDE CORPORATIVA DA XUNTA DE GALICIA. FC11096

Obxectivos:

Proporcionar unha visión xeral sobre as tecnoloxías de redes de telecomunicacións e a súa implantación na rede corporativa da Xunta de Galicia.

Destinatarios:

Persoal funcionario da escala técnica auxiliar de informática (grupo C1), escala de xestión de sistemas de informática (grupo A2), escala de sistemas e tecnoloxías da información (grupo A1), persoal laboral técnico especialista en informática (grupo III, categoría 91), técnico superior diplomado en informática (grupo II, categoría 27) e persoal licenciado informático (grupo I, categoría 18) da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 ao 25 de maio

Prazas: 20

Contido básico:

1. Fundamentos das redes de telecomunicacións
2. Infraestruturas de acceso
3. Tecnoloxías de conmutación e encamiñamento
4. Rede corporativa de datos
5. Rede corporativa de voz

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

SISTEMA OPERATIVO, BUSCA DE INFORMACIÓN: INTERNET/INTRANET E CORREO ELECTRÓNICO (CONTORNO LINUX). FC11159

Obxectivos:

Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico empregando software libre.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 7

Lugares e datas:

T01: do 6 de xuño ao 4 de xullo

T02: do 6 de xuño ao 4 de xullo

T03: do 1 ao 29 de xullo

T04: do 5 de setembro ao 5 de outubro

T05: do 5 de setembro ao 5 de outubro

T06: do 7 de outubro ao 8 de novembro

T07: do 7 de outubro ao 8 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Módulo I: Introducción ao ordenador

Módulo II: Utilización básica dos sistemas operativos habituais

Módulo III: Introducción á procura da Información en Internet

Módulo IV: Navegación pola World Wide Web

Módulo V: Utilización do correo electrónico

Módulo VI: Transferencias de ficheiros FTP

Módulo VII: Personalizar o entorno

Convocatoria:

DOG nº93, do 13 de maio de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

SISTEMA OPERATIVO, BUSCA DE INFORMACIÓN: INTERNET/INTRANET E CORREO ELECTRÓNICO (CONTORNO WINDOWS). FC11160

Obxectivos:

Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico no entorno Windows.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con coñecemento e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 7

Lugares e datas:

T01: do 6 de xuño ao 4 de xullo

T02: do 6 de xuño ao 4 de xullo

T03: do 1 ao 29 de xullo

T04: do 5 de setembro ao 5 de outubro

T05: do 5 de setembro ao 5 de outubro

T06: do 7 de outubro ao 8 de novembro

T07: do 7 de outubro ao 8 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Identificar os elementos que conforman o hardware, coñecer o seu funcionamento no procesamento dos datos e definir o software e as súas clases.
- Utilizar as ferramentas do sistema operativo e configurar os seus elementos.
- Modificar a aparencia da pantalla e as opcións de enerxía do equipo.
- Afondar na evolución de Internet e o seu funcionamento e coñecer os principios de seguridade e ética en internet.
- Configurar o navegador, realizar procuras de información e xestionar o historial, os favoritos e os arquivos temporais.
- Coñecer as características e funcionamento do correo electrónico e imprimir, filtrar e

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de trabajo

organizar os correos.

- Introducir en que consiste o servizo FTP e a súa utilidade,
- Acceder a servidores FTP e transferir ficheiros.

Convocatoria:

DOG nº93, do 13 de maio de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

TEÓRICO-PRÁCTICO DE ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA. FC11032

Obxectivos:

Proporcionar aos alumnos unha formación especializada para a correcta utilización dos instrumentos adecuados para a recollida de datos, o seu tratamento e posterior utilización na elaboración de informes.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e persoal laboral dos grupos I, II e III do convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 2 ao 11 de maio

Prazas: 20

Contido básico:

- Folla de Cálculo.
- Estatística Descritiva.
- Manexo de microdatos dunha enquisa.
- Índices.
- Regresión e correlación.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de proceso de traballo

XESTIÓN EFICAZ DA SECRETARÍA DE DIRECCIÓN. FC11104

Obxectivos:

Facilitarlles ás persoas que ocupen un posto de traballo de secretario/a de dirección a reciclaxe profesional de coñecementos e ferramentas útiles para levar a cabo o seu labor diario.

Destinatarios:

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C1 e C2 que realicen funcións relacionadas co contido dos cursos.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 4

Lugares e datas:

Ourense: do 14 de febreiro ao 1 de marzo

A Coruña: do 7 ao 23 de marzo

Lugo: do 26 de setembro ao 11 de outubro

Santiago de Compostela: do 7 ao 22 de novembro

Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

Técnicas avanzadas de secretariado. A secretaría de dirección na Administración pública. A comunicación e atención ao administrado. Documentación e arquivo. A optimización do tempo. Organización de reunións. A comunicación e o protocolo na xestión da secretaría. A importancia dunha boa relación interpersonal. A comunicación eficaz no traballo. A aplicación das normas de protocolo de forma adecuada. A norma xurídica que regula as precedencias en España. Como xestionar con éxito a organización de viaxes, visitas e reunións. A atención ás visitas e invitados ao despacho. O protocolo nas reunións de traballo. Estrutura do protocolo. Cerimonial e etiqueta. A organización de actos de RRPP. Manual básico para a organización de actos de RRPP.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de recursos humanos

MELLORA DA XESTIÓN DE PERSOAL NOS CENTROS DE BENESTAR DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. FC11081

Obxectivos:

Mellorar a xestión de persoal nos centros de Benestar dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Destinatarios:

Directores de centros residenciais de maiores e discapacidade, responsables de unidades de xestión de persoal de benestar con implicación directa na xestión de carteleiras dos centros.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 13 ao 23 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

- Xestión de persoal.
- Organización de efectivos.
- Xestión de quendas.
- Ferramentas informáticas.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de recursos humanos

TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN PARA FALAR EN PÚBLICO. FC11112

Obxectivos:

Realizar presentación públicas estruturadas, adaptadas á audiencia, e con control da comunicación verbal e non verbal e dos recursos técnicos.

Destinatarios:

Persoal dos grupos A1, A2, I e II da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que realicen presentación públicas: relatorios, charlas, discursos, etc.

Desenvolvemento:

Duración: 17 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 9 ao 25 de maio

Prazas: 20

Contido básico:

- Planificar un relatorio ou presentación. Identificar as necesidades do auditorio: Que público, expectativas, outros relatores, temas, etc. Lugar da exposición e estrutura da presentación: entrada, desenvolvemento e peche. Criterios que se van utilizar.
- Cómo falar en público: características do comunicador/a competente. Comunicación verbal: (“qué se di”). Claridade, precisión, corrección gramatical, evitar “retrosos” e “tics”, fluidez, adecuación do vocabulario ao auditorio. Comunicación paraverbal (“como se di”). Volume, entoación, ritmo, articulación fonética, latencia de resposta, respiración, uso do silencio. Comunicación non verbal: Xesticulación, Contacto visual, Uso das mans, postura corporal, movementos do corpo (rapidez, lentitude..). Manexo de preguntas: uso do reforzos (verbais e non verbais), contestar preguntas do auditorio, facer preguntas ao auditorio.
- Cómo manexar os recursos técnicos: presentación de Power Point, canon de proxección, micrófono.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Cursos—Área de recursos materiais e tecnolóxicos

BIBLIOTECAS DIXITAIS, REPOSITORIOS E METADATOS. FC11045

Obxectivos:

Coñecer as características, problemática e tendencias dos repositorios dixitais

Destinatarios:

Profesionais de bibliotecas, centros de documentación, arquivos ou museos da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 32 horas

Modalidade: mixta

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 8 ao 18 de marzo

Prazas: 40

Contido básico:

- Repositorios dixitais: Bibliotecas dixitais. Repositorios institucionais, académicos e científicos. Publicacións científicas.
- Usabilidade: As accións dos usuarios. FRBR e informe OCLC. Accesibilidade WAI.
- Características: Estrutura organizativa. Servizos. Modelos descritivos. Estrutura da información. Funcións e metadatos.
- OA / OAI: Definicións.
- Aplicación de ferramentas Web 2.0.
- Transmisión de intercambio de obxectos dixitais. Ficheiros METS.
- Visibilidade e difusión dos repositorios: Sitios web. Open Access. OAI-PMH. Outros protocolos de busca.
- Sostenibilidade dos repositorios
- Repositorios dixitais españois: Hispana, Recolecta, Europea, Driver.
- Tendencias: Novos produtos, libros electrónicos. Nova xeración de catálogos. Europea Data Model. Estruturas Semánticas da Información.

Convocatoria:

DOG nº247, do 27 de decembro de 2010

ADMINISTRACIÓN LOCAL

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL



No que se refire ao persoal das administracións locais, no 2011 a EGAP elaborou a convocatoria máis ambiciosa da súa historia, tanto en número de actividades, como de prazas e horas.

Ademais, a EGAP, en colaboración con Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocou por primeira vez cursos de linguaxe administrativa

galega destinados ao persoal ao servizo da Administración local.

Datas das convocatorias:

CONVOCATORIA	DOG E DATA
Convocatoria de cursos dirixidos ao persoal ao servizo das entidades locais de Galicia para o ano 2011	DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011
Convocatoria de cursos de Linguaxe administrativa galega	DOG núm. 68, do 6 de abril de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

A CALIDADE DA REDACCIÓN ADMINISTRATIVA. TÉCNICAS PARA MELLORALA. LO11005

Obxectivos:

Mellorar as destrezas lingüísticas da escritura en lingua galega co fin de potenciar a calidade na redacción e estrutura dos textos, así como a súa eficacia comunicativa.

Destinatarios:

Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral dos grupos I, II e III ao servizo das entidades locais de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 23 ao 31 de maio

Prazas: 25

Contido básico:

1. Principios xerais para unha boa redacción: claridade, concisión, precisión e adecuación aos destinatarios.
2. A escolla do rexistro adecuado.
3. O respecto pola ortografía e a gramática.
4. O proceso de escritura: planear, redactar e revisar.
5. A estrutura dos escritos:
 - 5.1. Modelos predeterminados.
 - 5.2. Correcta ordenación do texto en parágrafos e frases.
6. A construción do parágrafo.
7. A construción da frase.
8. A escolla das palabras.
9. Uniformidade na aplicación de convencións ortotipográficas.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

A FUNCIÓN PÚBLICA LOCAL. XESTIÓN E FISCALIZACIÓN. LO11018

Obxectivos:

A función pública local está nun proceso profundo de reforma, tanto desde o punto de vista normativo como da súa aplicación práctica, que se iniciou coa aprobación da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público. Nestes momentos estase a elaborar unha nova lei de función pública de Galicia, que sen dúbidas vai ter unha enorme incidencia no emprego local. Este novo panorama vai supor un enorme cambio na función pública en xeral e, en particular, na local. Neste curso trátase de analizar as cuestións que máis problemas están suscitando na xestión e fiscalización do persoal tendo en conta o novo panorama normativo e as respostas que se están dando polos operadores locais. O obxectivo esencial é que os seus asistentes adquiran, desde unha perspectiva práctica, un coñecemento das solucións e experiencias que se están aplicando para resolver aos problemas prácticos que presenta a función pública local.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal, funcionarios dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 14 ao 24 de novembro

Prazas: 35

Contido básico:

Abrangue a función pública en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

AS ENTIDADES LOCALIS COMO CONCEDENTES E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS. LO11020

Obxectivos:

Análise do proceso de concesión e percepción de subvencións polas entidades locais, así como dos problemas e consecuencias que esta actividade supón tanto para as citadas entidades como para os beneficiarios e concedentes de subvencións, con especial atención ás relacións coa Administración da Comunidade Autónoma.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaria-intervención ou a escala de intervención-tesouraría e demais persoal vinculado á xestión de subvencións.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 26 de setembro ao 6 de outubro

Prazas: 35

Contido básico:

Normativa reguladora das subvencións. As entidades locais como concedentes de subvencións: procedementos, problemas e consecuencias da actividade de fomento. As entidades locais como beneficiarias de subvencións e as súas consecuencias económicas e doutros tipos. Relacións coas administracións de ámbito superior: problemas e posibles solucións.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

O CONTROL URBANÍSTICO NOS PEQUENOS MUNICIPIOS: LICENZA URBANÍSTICA E DISCIPLINA URBANÍSTICA. LO11023

Obxectivos:

Mellorar coñecementos en materia de urbanismo para o persoal de pequenos municipios, en materia do urbanismo en xeral, nas licenzas e na disciplina urbanística.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaría ou de secretaría-intervención, funcionarios técnicos que traballen na área do urbanismo dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 17 ao 25 de outubro

Prazas: 35

Contido básico:

O urbanismo. Conceptos xerais. Evolución. Réxime xurídico. Galicia. Competencias Urbanísticas. As licenzas urbanísticas. Conceptos. Carácter regulado. O procedemento de outorgamento das licenzas. Os informes. O silencio administrativo. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos. A licenza de apertura. Outras. O deber de conservación e ruína. A disciplina urbanística.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS LOCAIS. LO11027

Obxectivos:

Coñecementos xerais sobre formas de xestión dos servizos públicos locais.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal e técnicos de Administración local pertencentes aos subgrupos A1 ou A2.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 27 de setembro ao 27 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

- Os servizos locais: servizos públicos e servizos regulamentados.
- Tipoloxía xeral das formas de xestión dos servizos locais.
- A elección da forma de xestión.
- A iniciativa para o exercicio de actividades económicas polas entidades locais.
- As formas de xestión directa.
- Organismos autónomos e entidades públicas empresariais.
- A sociedade mercantil local.
- Planificación, coordinación e melloras no funcionamento dos entes instrumentais para a prestación de servizos locais.
- As formas de xestión indirecta.
- Análise da concesión.
- A sociedade de economía mixta. Constitución. Estatutos. Funcionamento.
- Entidades asociativas para a mellor prestación de servizos locais. Mancomunidades e consorcios.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

OS EFECTOS DA DIRECTIVA DE SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. LO11028

Obxectivos:

Achegamento á problemática e novas perspectivas que pode xerar a directiva e as súas leis de transposición nos operadores xurídicos das entidades locais galegas.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal e funcionarios de administración local dos subgrupos A1 e A2.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 6 ao 15 de xuño

Prazas: 35

Contido básico:

- Análise da directiva 2006/123 CE.
- Análise das diferentes normas sectoriais de transposición.
- Análise da repercusión da directiva 2006/123 CE no outorgamento de licenzas e autorizacións municipais.
- Novas figuras: as declaracións responsables e as comunicacións previas.
- Estado da súa repercusión orzamentaria e financeira nas entidades locais.
- O portelo único e o sistema IMI.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

INICIACIÓN Á CALIDADE. LO11034

Obxectivos:

Introducir os empregados públicos no coñecemento dos conceptos básicos da calidade.

Destinatarios:

Funcionarios de Administración local pertencentes aos subgrupos A1, A2 e C1 e persoal laboral asimilado.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de abril ao 25 de maio

Prazas: 50

Contido básico:

- Introducción á calidade.
- Evolución e ferramentas.
- A medida como factor do cambio.
- Xestión da calidade nas organizacións públicas.
- Curso: Xénero e igualdade nas administracións públicas.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

XÉNERO E IGUALDADE NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. LO11035

Obxectivos:

Adquirir coñecementos e reflexionar sobre os conceptos básicos que constrúen e enmarcan a realidade social da igualdade de oportunidades, conceptos fundamentais como xénero, discriminación, patriarcado, roles ou estereotipos, medidas e instrumentos empregados para corrixir situacións de desigualdade e discriminación que nos poidan rodear.

Coñecer como as institucións públicas se foron adaptando e creando novos organismos que apoiem e conduzan este cambio social.

Abordar a perspectiva de xénero no ámbito da xestión das administracións públicas.

Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1, A2, C1 e C2 e persoal laboral asimilado.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 29 de abril ao 25 de maio

T02: do 10 de maio ao 10 de xuño

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Parte común (10 horas).

Módulo 1: Introducción á igualdade de xénero. (5 horas).

-Conceptos básicos. Sexo e xénero. Roles e estereotipos. O principio de mainstreaming.

-Educar en igualdade. Coeducación.

-Sexismo na comunicación.

-Evolución temporal do principio de igualdade.

Módulo 2: Políticas públicas de xénero (5 horas).

-Análise da lexislación vixente.

-Fondos e programas europeos en materia de igualdade.

-O principio de igualdade nas políticas públicas: da igualdade formal á igualdade efectiva.

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

Parte específica (10 horas).

Módulo 3: Organización administrativa para promover a igualdade entre homes e mulleres (3 horas).

- Evolución histórica dos organismos de igualdade.
- Organización actual en materia de igualdade na Unión Europea, na Administración Central do Estado e nas comunidades autónomas.
- Organización administrativa para promover a igualdade en Galicia.

Módulo 4: Avaliación de impacto e indicadores de xénero (3 horas).

- Avaliación de impacto de xénero.

Módulo 5: Instrumentos de intervención en materia de xénero (4 horas).

- Estatísticas e indicadores de xénero.
- Orzamentos sensibles ao xénero.
- Linguaxe administrativa non sexista.
- Outros instrumentos de promoción (acción positiva, intervención nas políticas sectorial).

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de coñecementos transversais

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO. LO11042

Obxectivos:

Perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1, A2, C1 e C2 e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV ao servizo das entidades locais de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 28 de xuño ao 28 de xullo

Prazas: 50

Contido básico:

- Principios xerais e ámbito de aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- O procedemento administrativo: concepto e fins do procedemento.
- Características e fases do procedemento administrativo.
- Principais trazos do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.
- O procedemento sancionador.
- Procedementos de reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais. Procedementos especiais ao marxe da Lei 30/1992.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

DESENVOLVEMENTO E FOMENTO DAS HABILIDADES COMUNICATIVAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. LO11006

Obxectivos:

Crear unha imaxe única realzando os puntos fortes e evitando os débiles. Usar todas as potencialidades da comunicación non verbal e a voz. Recoñecer e aproveitar as emocións máis axeitadas para cada unha das partes do discurso. Dominar a estrutura do discurso. Adquirir confianza no propio discurso, evitando bloqueos. Dominar todos os escenarios de comunicación.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal.

Desenvolvemento:

Duración: 26 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 3 de maio ao 14 de xuño

Prazas: 20

Contido básico:

Liderado de equipos: a comunicación e a confianza para o alto rendemento. Gozar de falar en público: o discurso 100%. Conversas poderosas: influír, desenvolver persoas e toma de decisións. Roldas de prensa, declaracións e entrevistas. Coaching en equipo. Xornadas de experiencias.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

XESTIÓN DO TEMPO. LO11007

Obxectivos:

Esta acción formativa está deseñada para potenciar e estimular as habilidades e aptitudes asociadas á xestión do tempo entre os funcionarios da Administración pública. O obxectivo do curso é mellorar as competencias dos asistentes na administración do seu tempo durante o seu horario laboral.

Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1, A2 e C1 e persoal laboral dos grupos I, II e III ao servizo das entidades locais de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 13 ao 20 de xuño

Prazas: 35

Contido básico:

- A administración das nosas actividades.
- A administración do noso pensamento e razoamento. Estrés, creatividade, solución de problemas, toma de decisións e memoria.
- A xestión de relacións. Como traballar co noso xefe, asistentes, equipo de traballo, interrupcións e asertividade.
- A xestión de comunicacións. A escoita activa, técnicas de preguntas, falar a grupos, lectura e redacción de documentos, reunións e xestión de chamadas.
- A xestión do noso ámbito de traballo. Como administrar o papelame, o correo electrónico, os sistemas de arquivo e as viaxes.
- Plan de acción: Que podemos facer mellor?

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

A FUNCIÓN CONSULTIVA PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL. LO11008

Obxectivos:

Dar a coñecer no ámbito da Administración local a doutrina sentada por este órgano, nas distintas materias en que a súa intervención é preceptiva, e da que conta cunha experiencia de catorce anos.

Destinatarios:

Persoal dos grupos A1, A2 e C1 ao servizo das entidades locais, os seus organismos públicos, e demais entes dela dependentes.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Vigo: do 4 ao 12 de abril

Lugo: do 20 ao 28 de xuño

Prazas: 30 en cada edición

Contido básico:

Módulo I: A Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: o Consello Consultivo de Galicia.

Módulo II: A responsabilidade patrimonial da Administración local.

Módulo III: Réxime xurídico das entidades locais: a revisión de oficio en materia local.

Módulo IV: Réxime xurídico das entidades locais: a potestade regulamentaria local.

Módulo V: A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos.

Módulo VI: O territorio das corporacións locais. Alteración dos termos municipais.

Proposta dun suposto práctico cunha duración estimativa de dúas horas.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

XESTIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS. LO11011

Obxectivos:

Coñecer e intercambiar experiencias e instrumentos de actuación entre técnicos da Administración pública galega. Establecer un marco de reflexión sobre os custos derivados da xestión dos servizos deportivos e estudar os sistemas para aplicar o equilibrio financeiro nos proxectos de xestión deportiva. Analizar a dimensión e o conxunto de alternativas existentes desde a perspectiva da xestión e posta en valor dos espazos deportivos públicos, así como as derivacións conseguintes en seguridade e responsabilidade. Analizar as estratexias para abordar a xestión e a colaboración público privada na xestión do deporte local.

Destinatarios:

Responsables das áreas de deporte da Administración autonómica e local de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 26 ao 29 de setembro

Prazas: 35

Contido básico:

Marco sobre a nova política deportiva galega. As políticas deportivas nas administracións públicas. Directrices e evolución. As instalacións deportivas: planificación, deseño e mantemento. Plan estratéxico deportivo local. O financiamento do deporte nas administracións públicas, ámbito local. Patrocinio e mecenado. Xestión da seguridade e instalacións, eventos e actividades deportivas. Sistemas de xestión do deporte no sector público. Experiencias de xestión entre o público e o privado. Criterios de calidade nos servizos deportivos públicos. Novas ferramentas ao servizo da xestión. As novas tecnoloxías.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

A XESTIÓN DO TURISMO NAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS. LO11012

Obxectivos:

Optimizar e homoxeneizar os procesos de recolla, tratamento e análise da información estatística que se obtén a través das oficinas de turismo. Mellorar a capacidade competitiva das oficinas de turismo na presentación dos seus servizos.

Destinatarios:

Empregados e xestores públicos que traballen desde as administracións locais e organismos afíns na xestión municipal e supramunicipal das oficinas de turismo e persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia vinculado ao sector turístico.

Desenvolvemento:

Duración: 32 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 3 ao 20 de outubro

Prazas: 35

Contido básico:

- O turismo na actualidade.
- Directrices para xestionar a calidade en destinos.
- A información turística.
- Organización do servizo de información turística local.
- Información e atención ao visitante.
- Xestión da información e documentación turística.
- Deseño de produtos e servizos turísticos.
- Promoción e comercialización de produtos turísticos.
- Caso práctico en grupo.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. LO11025

Obxectivos:

Profundar nos coñecementos conceptuais e prácticos para unha mellor tramitación e resolución das accións de responsabilidade patrimonial que se presenten ante as administracións, especialmente, no ámbito local.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación estatal, funcionarios dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II dos concellos vinculados a materia obxecto de estudo.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 5 ao 25 de setembro

Prazas: 50

Contido básico:

- Concepto e réxime xurídico. Diferenzas con outros ordenamentos.
- Elementos obxectivos: o dano; actividade lesiva: o nexos causal; a reparación.
- Elementos subxectivos: a Administración responsable, a vítima, responsabilidade de autoridades e funcionarios.
- Procedemento administrativo: prazos, tramitación e resolución.
- A impugnación xurisdiccional.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de dirección e xerencia pública

O PLANEAMENTO MUNICIPAL: O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. LO11049

Obxectivos:

Mellorar coñecementos en materia de urbanismo para o persoal dos concellos, en particular en materia de planeamento e en especial sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal, funcionarios técnicos que traballen na área do urbanismo dos grupos A1 e A2 e persoal laboral asimilado.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 7 ao 15 de novembro

Prazas: 35

Contido básico:

O Urbanismo. Conceptos xerais. Evolución. Réxime xurídico. Galicia. As competencias urbanísticas. O planeamento. O PXOM. A ordenación do territorio: as directrices de ordenación do territorio. Planeamento urbanístico, teoría e práctica. A perspectiva xurídica do planeamento: o control xurisdiccional do planeamento xeral. A aprobación do planeamento. Planeamento de desenvolvemento.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

A NOVA NORMATIVA DE MOROSIDADE. O ENDEBEDAMENTO NAS ENTIDADES LOCAIS. LO11015

Obxectivos:

Estudo pormenorizado da normativa de aplicación europea, estatal e autonómica, análise dos procedementos administrativos de gasto e pagamento e da tramitación das operacións financeiras das entidades locais.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaría-intervención ou pertencentes á subescala de intervención-tesouraría así como persoal ao servizo das entidades locais que leven a cabo tarefas de xestión, fiscalización ou realización material de gastos e pagos ou de tramitación de operacións financeiras nas entidades locais.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 13 ao 23 de xuño

Prazas: 35

Contido básico:

-Réxime xurídico dos ingresos e gastos públicos das entidades locais. Especial referencia ás normas europeas, estatais e autonómicas sobre a morosidade e sobre a estabilidade orzamentaria.

-A xestión orzamentaria dos gastos públicos locais: fases, trámites, informes preceptivos e órganos competentes. Reflexo contable.

-A xestión dos ingresos públicos locais por operacións financeiras: fases, trámites, informes e autorizacións preceptivas. Reflexo contable.

As funcións de cobro e pagamento nas entidades locais. Planificación, programación e elaboración de orzamento. O plan de disposición de fondos.

-Informe en materia de estabilidade orzamentaria e en operacións financeiras das EE.LL. O plan económico financeiro de corrección do desequilibrio financeiro: contido,

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

tramitación e seguimento.

-Informes en materia de morosidade: contido, tramitación e periodicidade.

-Situacións especiais: remanentes de crédito comprometidos (incorporables e non incorporables), gastos con financiamento afectado (con operacións de crédito ou con achegas doutros entes públicos ou privados, a utilización do remanente de tesouraría como recurso financeiro de modificacións de crédito,...

Actuacións que realizarán as entidades locais en materia de morosidade (registro de facturas, definición e simplificación de procedementos, control de tempos, tramitación de informes de cumprimento...).

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

FISCALIZACIÓN E XESTIÓN DE CONTRATACIÓN MENOR E NEGOCIADA DE PEQUENOS CONCELLOS. LO11017

Obxectivos:

Ofrecer formación desde o punto de vista teórico-práctico para a xestión e fiscalización en pequenos concellos dos expedientes de contratos do sector público tramitados como contratos menores ou mediante procedementos negociados.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaría-intervención e funcionarios da Administración local dos subgrupos A1 e A2 encargados da xestión e/ou fiscalización de contratos menores e negociados.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 20 a 29 de xuño

Prazas: 35

Contido básico:

- A xestión da contratación menor. Concepto e réxime dos contratos menores. Procedemento de contratación. Peculiaridades da súa fiscalización. Incidencias na súa execución. Efectos e extinción dos contratos menores.
- Os procedementos negociados sen publicidade. Réxime xurídico, tramitación e fiscalización.
- Os procedementos negociados con publicidade. Réxime xurídico, tramitación e fiscalización.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

CONTABILIDADE PÚBLICA LOCAL. LO11019

Obxectivos:

Estudo pormenorizado das normas e técnicas contables que se aplican na Administración local.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de intervención -- tesouraría, funcionarios dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupo I e II.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 4 de abril ao 13 de maio

Prazas: 50

Contido básico:

Estudo das normas e técnicas contables que se aplican na Administración local.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

A FUNCIÓN FISCALIZADORA DOS GASTOS E INGRESOS NOS PEQUENOS CONCELLOS. LO11021

Obxectivos:

Actualización e perfeccionamento en materia de fiscalización para o persoal que preste servizos en pequenos municipios.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaría-intervención ou á subescala de intervención-tesouraría, funcionarios dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 17 ao 25 de outubro

Prazas: 35

Contido básico:

Fiscalización das distintas áreas de gasto: gastos de persoal. Contratos. Subvencións. Fiscalización dos dereitos de cobramento. Especial referencia ás ordenanzas fiscais.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

TÉCNICAS DE ELABORACIÓN, XESTIÓN E MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS LOCAIS. LO11022

Obxectivos:

Simular a casuística real que se produce na elaboración, execución e modificación dun orzamento, desde un punto de vista práctico.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de intervención-tesouraría destinados en concellos de menos de 20.000 habitantes, técnicos de contabilidade ou elaboración de orzamentos dos subgrupos A1 e A2 e funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de secretaría-intervención.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 2 ao 10 de maio

Prazas: 35

Contido básico:

- Elaboración dos estados de ingresos e gastos.
- Elaboración dos restantes documentos que forman parte do orzamento.
- Tramitación do proxecto de orzamento ata a súa entrada en vigor.
- Modificacións do orzamento: elaboración de expedientes de cada un dos tipos de modificación orzamentaria.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

TESOURERÍA E XESTIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS LOCAIS. LO11026

Obxectivos:

Profundar na xestión da tesouraría, dos pagamentos e dos ingresos das entidades locais.

Destinatarios:

Funcionarios das entidades locais que desenvolvan o seu labor no ámbito da tesouraría e recadación. Funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de intervención-tesouraría, funcionarios dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II.

Desenvolvemento:

Duración: 35 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 12 de setembro ao 16 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

- A tesouraría nas entidades locais (7 horas): Funcións. Estrutura. Planificación. Colocación de excedentes de tesouraría. Operacións de tesouraría ou de crédito a curto prazo.
- Xestión dos pagamentos (14 horas): Formas de pagamento. Tipos de contas bancarias. O factoring e o confirming. Anticipos de caixa fixa e pagamentos para xustificar.
- Xestión dos ingresos (14 horas): Os ingresos das entidades locais. As ordenanzas fiscais. Recadación en período voluntario. Recadación en período executivo.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de economía e finanzas

A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS. LO11029

Obxectivos:

Adquirir os coñecementos suficientes para poder emitir no seu concello o informe de estabilidade orzamentaria e de verificación de cumprimento, deseñar o plan económico financeiro, o plan de saneamento financeiro, tratamento procedemental do anterior, efectuar a correcta tramitación das operacións de endebedamento e emitir un informe sobre a situación económico-financieiro da entidade.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación de carácter estatal.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 4 de abril ao 5 de maio

Prazas: 35

Contido básico:

- Criterios xerais sobre a estabilidade orzamentaria.
- Creación do plan económico financeiro, plan de saneamento financeiro, así como a correcta tramitación das operacións de endebedamento, e a emisión de informe sobre a situación económica financeira da entidade.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de específicas do sector competencial

AS COMPETENCIAS MUNICIPAIS AMBIENTAIS. PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS. AUTORIZACIÓNS E RÉXIME SANCIONADOR. LO11016

Obxectivos:

Profundar no coñecemento da diversa normativa sectorial ambiental no eido das entidades locais, atendendo á nova regulación en materia de augas, e analizando os problemas específicos da avaliación ambiental estratéxica, contaminación acústica, mobilidade urbana, as técnicas de autorización ambiental e o seu réxime sancionador. Acadar os coñecementos técnicos precisos no marco da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais e as súas técnicas.

Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1 e A2 das entidades locais.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 26 abril ao 12 de maio

Prazas: 35

Contido básico:

- I. O marco normativo de aplicación ás entidades locais en materia ambiental.
 1. Bases normativas do dereito ambiental e a súa relación coas entidades locais:
 - a) A incidencia do dereito comunitario.
 - b) A normativa básica estatal: local e sectorial.
 - c) O desenvolvemento normativo autonómico.
 2. A potestade normativa local en materia ambiental. As novas ordenanzas sobre o cambio climático.
- II. Técnicas de protección ambiental e a súa aplicación ás entidades locais.
 1. Avaliación ambiental integrada de plans e proxectos municipais. Normas de aplicación directa e protección da paisaxe.
 2. Autorización ambiental integrada, licenzas ambientais e réxime sancionador.
- III. Normativa sectorial e competencias ambientais das entidades locais.

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de específicas do sector competencial

1. A nova Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e a súa repercusión nas entidades locais.
2. Mobilidade urbana e tráfico. O seu tratamento no planeamento urbanístico.
3. A xestión de residuos e dos solos contaminados.
4. Contaminación acústica e protección atmosférica.
5. Prevención e defensa contra incendios.
 - a) Competencias e obrigas da Administración local en materia de incendios forestais: especial referencia ao ámbito dos núcleos rurais.
 - b) Aspectos técnicos da prevención e extinción de incendios forestais.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de específicas do sector competencial

A DISCIPLINA URBANÍSTICA NOS CONCELLOS DE MAIOR POBOACIÓN. LO11024

Obxectivos:

Mellorar os coñecementos na área do urbanismo, en xeral, e da disciplina urbanística, en particular. Asemade, pretende constituírse en foro de debate e análise dos distintos problemas que xorde no día a día da vida municipal.

Destinatarios:

Funcionarios con habilitación estatal pertencentes á subescala de secretaría, funcionarios que ocupen postos clasificados nos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II dos concellos que desenvolvan tarefas relacionadas co urbanismo.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 2 ao 10 de maio

Prazas: 35

Contido básico:

Este curso vai orientado a analizar as distintas intervencións administrativas no ámbito do urbanismo.

En primeiro lugar, trátase o tema das licenzas, tipos de licenzas, actos suxeitos, o procedemento administrativo, o silencio administrativo e a caducidade.

Seguidamente analízase a disciplina urbanística en canto ás medidas e procedementos de reacción contra edificacións, actuacións, usos e actividades sen licenza, tanto en curso de execución como terminadas.

Tratarase o tema da execución das ordes de demolición, así como a execución de sentenzas que obrigan a administracións a repor a realidade física alterada.

Por último, estudaranse os delitos urbanísticos, os medios de reacción administrativos e penais contra as irregularidades urbanísticas e a corrupción urbanística.

Convocatoria:

DOG núm. 50, do 12 de marzo de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cursos—Área de específicas do sector competencial

FORMACIÓN AMBIENTAL. LO11048

Obxectivos:

Salientar a necesidade dunha formación e reciclaxe de funcionarios e responsables en materia de ambiente da Administración local de Galicia, coa finalidade de mellorar a xestión ambiental e poder contribuír á protección e conservación do patrimonio natural da nosa comunidade.

Destinatarios:

6. Comunicación e cesión de datos a terceiros
7. Pasos a seguir para cumprir a LOPD
8. Tipos de infraccións, as súas sancións e a súa prescrición
9. Estrutura da Lei e os seus títulos
10. A seguridade dos datos
11. Casos prácticos de aplicación da LOPD

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de proceso de traballo

CERTIFICADO DIXITAL. FX11020

Obxectivos:

Saber en que consiste o proxecto CERES e os seus obxectivos, ademais de aprender a utilizar un certificado dixital. O curso ten unha parte práctica, para a que é precisa a obtención dun certificado dixital, imprescindible para a súa superación. O devandito certificado obtense mediante solicitude á FNMT e logo deberá acudir a algunha oficina autorizada da Consellería de Facenda para acreditar a súa identidade.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 ao 30 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

Bloque 1: Que é a certificación dixital?

Bloque 2: Obtención do certificado dixital

Bloque 3: Servizos telemáticos e renovación

Bloque 4: Modificación dos datos persoais e comprobacións

Bloque 5: Atención aos usuarios e revogación

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de proceso de traballo

OPEN OFFICE WRITER BÁSICO. FX11023

Obxectivos:

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrece o tratamento de textos na realización das tarefas administrativas.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 3 de outubro ao 2 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Formatos avanzados
2. Tabulacións
3. Estilos
4. Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé.
5. Táboas
6. Combinar correspondencia
7. Configuración avanzada
8. Manexo de macros e accións importantes do openoffice writer

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de proceso de traballo

OPEN OFFICE CALC BÁSICO. FX11022

Obxectivos:

Realizar unha aproximación ao funcionamento teórico-práctico da folla de cálculo no software libre.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 3 de outubro ao 2 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Introducción e modificación de valores.
2. Utilización e deseño de fórmulas.
3. Funcións.
4. Gráficos.
5. Xestión de datos.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de idiomas

LINGUA INGLESA. FX11024

Obxectivos:

Proporcionar o coñecemento e as habilidades de comunicación dos empregados da administración en lingua inglesa, perante o emprego das novas tecnoloxías.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 80 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 15 de setembro ao 15 de decembro

Prazas: 50

Contido básico:

Level A1 - BASICO: Presente verbo 'to be' 'To have', this, that, alfabeto, Pronomes persoais, what, where, who, and e but, 'there is/are' here, there, números, Presente simple, imperative.

Level A2 - BASICO: Pasado verbo 'to be' e verbos regulares, 'there was/were', 'How many...?', Números ordinais e cardinais, comparacións, Presente continuo, a/an, some, any, both, enough, many, few, a lot (of), to go + infinitivo.

Level B1 - INTERMEDIO: Present perfect, since' y 'for', 'gone' y 'been', 'a lot of', 'enough' y 'too many', - 'just', 'already', 'yet' y 'still'. 'how long...?' 'How many...?', 'must' y 'must not', consellos e suxestións: 'should', comparativos y superlativos, condicionais I y II.

Level B2 - AVANZADO: Present perfect, 'so' e 'such', Infinitivo, xerundio, estilo indirecto, 'wish' e 'if only', condicionais tipo III, abreviacións e acrónimos, estilo indirecto, voz pasiva.

Level C1 - EXPERTO: Pronomes e verbos reflexivos, 'used to', futuro perfecto, adxectivos, sinónimos e antónimos, preposicións, estilo indirecto, xerundios e infinitivos.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área específica do sector competencial

EXECUCIÓN PENAL: ANÁLISE DAS NORMAS DE APLICACIÓN. GUÍAS DE TRAMITACIÓN. FX11012

Obxectivos:

Dotar aos destinatarios do curso das ferramentas teórico prácticas que lles permitan desenvolver os labores da execución penal. Abordar a formación procesual dos destinatarios así como a teórica con fincapé nas normas de carácter substantivo. Achegaranse esquemas procesuais que permitirán visualizar graficamente o complexo mundo da execución penal.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 3 de outubro ao 2 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

- 1- Formulación xeral da execución en materia penal.
- 2- Estudo das normas de aplicación á execución penal.
- 3- A execución dos diferentes tipos de penas da nosa vixente lexislación.
- 4- A execución das penas privativas de liberdade.
- 5- A execución das penas de multa.
- 6- A execución de penas privativas doutros dereitos.
- 7- Normas de execución específicas contidas na LECRIM nos demais procesos penais.
- 8- Estudo dos principais recursos en materia de execución de penas.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área específica do sector competencial

XULGADOS DE GARDA E XULGADOS DE INSTRUCCIÓN. XESTIÓN DO SERVIZO DE GARDA. FX11017

Obxectivos:

Proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual e desde un punto de vista práctico das dilixencias a practicar e preparación dos xuízos ante os Xulgados de Garda; referencia a procedementos especiais relativas a menores, estranxeiros e vítimas de violencia doméstica.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 3 de outubro ao 2 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

Rexistro e incoación de procesos: sumarios, dilixencias urxentes, dilixencias previas e procedemento ante o Tribunal do Xurado; casos nos que procede a súa incoación e actuacións durante a garda. Preparación e documentación das comparecencias ante o xulgado de garda: a comparecencia dos xuízos rápidos e os xuízos de faltas inmediatos.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de coñecementos transversais

FORMACIÓN DE MANDOS INTERMEDIOS DA OFICINA XUDICIAL. FX11016

Obxectivos:

Proporcionar unha formación en diversas materias que contribúa a que a oficina xudicial, en canto organización instrumental de soporte e apoio á actividade xursidicional de Xuíces e Tribunais, funcione cos criterios de axilidade, eficacia, eficiencia e racionalización do traballo.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 7 ao 22 de novembro

Prazas: 20

Contido básico:

Políticas de igualdade

Xestión de equipos. Funcionamento e roles do mando intermedio e dirección de reunións. A calidade na Administración pública.

Procedemento administrativo (especial incidencia nos Títulos VI e VII da Lei 30/1992).

Iniciación á Administración electrónica e seguridade da información e protección de datos.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de outros

CURSO DE TITORES INTERINOS. FX11025

Obxectivos:

Metodoloxía a empregar na formación do persoal interino.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 19 ao 28 de setembro

Prazas: 30

Contido básico:

Metodoloxía en materia de tramitación nos xulgados de primeira instancia: procesos declarativos execución. Metodoloxía na tramitación nos xulgados de instrución; dilixencias previas do procedemento abreviado; xuízo de faltas e execución; xuízos rápidos. Introducción ao recurso contencioso-administrativo e ao procedemento laboral. Outras cuestións comúns: organización e actos de comunicación. Metodoloxía nas aplicacións informáticas: Minerva, Lexnet. Introducción ao sistema operativo, correo electrónico. Intranet corporativo, sistemas de videoconferencia e de gravación en sala.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área específica do sector competencial

CURSO DE HISTOPATOLOXÍA PARA MÉDICOS FORENSES. FX11026

Obxectivos:

Adquirir coñecementos teórico-prácticos da rutina nun laboratorio de anatomía patolóxica. Adquirir coñecementos teóricos-prácticos esenciais da histoloxía dos órganos de maior transcendencia forense. Adquirir coñecementos teóricos-prácticos esenciais dos principais procesos histopatolóxicos de interese forense. Adquirir os coñecementos básicos para a interpretación de informes en histopatoloxía forense.

Destinatarios:

Médicos Forenses da Administración Xustiza de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Ourense: do 20 ao 21 de outubro

Prazas: 30

Contido básico:

- Selección e procesado de mostras histopatolóxicas.
- Histoloxía básica para Médicos Forenses.
- Histopatoloxía básica para Médicos Forenses.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de outros

VALORACIÓN DO DANO CORPORAL DA PATOLOXÍA DO XEONLLO PARA MÉDICOS FORENSES. FX11027

Obxectivos:

Adquirir coñecementos sobre a patoloxía traumática do xeonllo: prognósticos, influencia do estado anterior e mecanismos de produción. Adquirir coñecementos esenciais para a elección e interpretación das probas de imaxe que se vinculan ao diagnóstico e evolución das lesións de xeonllo. Diferenciación entre lesións recentes e antigas. Adquirir coñecementos teórico-prácticos para a correcta exploración do xeonllo. Adquirir coñecementos que axuden a identificar a simulación. Adquirir coñecementos que axuden a aplicar de forma correctamente o baremo de tráfico. Adquirir coñecementos que permitan comprender a repercusión que as secuelas do xeonllo provocan na vida do lesionado.

Destinatarios:

Médicos Forenses da Administración Xustiza de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 15 ao 16 de decembro

Prazas: 30

Contido básico:

Lesións traumáticas do xeonllo. Prognóstico e relevancia do estado anterior. Lesións específicas como consecuencia de atropelos, accidentes de tráfico e caídas. Diagnóstico e control da evolución das lesións de xeonllo. Forma de diferenciar lesións recentes e lesións antigas. Técnicas para exploración do xeonllo. A problemática da simulación na valoración médico forense. Análise do baremo de tráfico nas lesións de xeonllo. Repercusións das diferentes secuelas do xeonllo na vida do lesionado. Mesa de debate.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Cursos—Área de procesos de traballo

CURSO DE FORMACIÓN AVANZADA NOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN NO ÁMBITO DE XUSTIZA. FX11028

Obxectivos:

Coñecemento xeral do estado de desenvolvemento das TIC no ámbito da administración de Xustiza. Regulamentación e recomendacións de uso axeitado dos sistemas. Coñecemento especializado no seu ámbito de actuación. Coñecemento xeral de conceptos de administración electrónica.

Destinatarios:

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 31 de outubro ao 22 de novembro

Prazas: 25

Contido básico:

- Introducción aos sistemas de información da administración de Xustiza.
- Ferramentas do posto de traballo da oficina xudicial.
- LOPD e Boas prácticas xerais na administración de Xustiza de Galicia.
- Sistemas de información de xestión procesual. Minerva NOX.
- Sistemas de información de xestión procesual. Fortuny
- Sistemas de información de xestión procesual. LexNet e Inforeg.
- Sistemas de consulta e apoio
- Conceptos básicos de Administración electrónica.

Convocatoria:

DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2011

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

CONSTRUÍNDO A IDENTIDADE DIXITAL. PU11004

Descrición:

Estas xornadas, realizadas en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, teñen como finalidade abordar a sinatura electrónica desde diferentes puntos de vista: os prestadores de servizos, a administración electrónica, os servizos de certificación dixital e a seguridade, entre outros.

Programa:

09.10h Apertura

09.30h Mesa redonda. A sinatura electrónica e a e-Administración: situación actual e tendencias de futuro.

11.00h Mesa redonda. Os prestadores de servizos de certificación.

13.00h Mesa redonda. Os retos dos servizos de certificación dixital e da sinatura electrónica

14.30h Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 26 de xaneiro



XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. PU11001

Descrición:

O obxectivo destas xornadas é mellorar o coñecemento da APLU (obxectivos, prioridades e actividades realizadas) así como dar a coñecer as novidades e modificacións producidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes e modificación na Lei 9/2002, do 30 de decembro, a súa incidencia no eido competencial dos concellos e da axencia, con especial referencia aos cambios producidos no solo rústico e no solo de núcleo rural; e a súa incidencia na reposición da legalidade urbanística.

Programa:

10.00 h. Inauguración das xornadas.

10.30 h. A APLU. Natureza xurídica. Funcións. Integración dos concellos. Concellos adheridos. Colaboración institucional e competencias delegadas. Plan de Inspección 2011.

11.30 h. Mecanismos de control previo: inspección e vixilancia. Usos e actividades permitidos, autorizables e prohibidos. Principais novidades introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

13.30 h. Protección da Legalidade Urbanística: reposición da legalidade urbanística en obras sen licenza ou autorización autonómica consonte a Lei 2/2010, do 25 de marzo.

16.00 h. Procedemento sancionador: infraccións e sancións, persoas responsables. Principais novidades introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

17.00 h. Ilícitos penais: delitos sobre a ordenación do territorio. Deber de colaboración institucional.

18.00 h. Mesa redonda.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 8 de febreiro

A Coruña: 15 de febreiro

Lugo: 22 de febreiro

Ourense: 1 de marzo

Pontevedra: 15 de marzo

Vigo: 22 de marzo

Ferrol: 29 de marzo

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

XORNADA SOBRE A NOVA LEI DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA. PU11006

Descrición:

Analizar, debater e estudar a nova Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nos seus principais aspectos: como son os seus principios xerais, o exercicio da competencia, órganos colexiados, a organización da Administración xeral, entre outros.

Programa:

Día 23 de febreiro

09.30h Disposicións xerais da Lei e réxime xurídico do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

10.15h Réxime xurídico dos órganos colexiados

11.00 h Sesión inaugural

12.30h A estrutura da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

13.15h Procedemento de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral.

Día 24 de febreiro:

09.15h A titularidade da potestade regulamentaria e o principio de reserva de lei.

10.00h Os entes instrumentais do sector público autonómico. Introducción xeral. As encomendas de xestión.

10.45h Réxime xurídico dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas

12.00h O réxime xurídico das entidades públicas empresariais e os consorcios.

12.45h O réxime xurídico das sociedades mercantís públicas autonómicas e as fundacións do sector público autonómico.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 23 e 24 de febreiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA MUNICIPAL. PU11025

Descrición:

A UE reitera frecuentemente nos seus comunicados sobre política enerxética que o sector público debe poñer especial empeño no pulo do aforro e da eficiencia enerxética, tanto polo potencial de aforro existente como polo seu papel exemplarizante cara á sociedade, o que obriga e esixe manter os consumos enerxéticos dentro dunhas marxes controladas. A oportunidade desta Xornada está ademais reforzada polas novas modalidades de contratación da electricidade, polas últimas tecnoloxías en aforro enerxético en iluminación pública e pola dinamización do mercado de servizos enerxéticos.

Programa:

10:00 Saúdo e benvida

10:15 A xestión enerxética sostible nas entidades locais

10:50 A desaparición das tarifas eléctricas e as novas modalidades de contratación

11:30 Coloquio e preguntas.

12:15 Novas tecnoloxías en iluminación pública.

12:50 As empresas de servizos enerxéticos ESEs

13:30 Coloquio e preguntas.

13:45 Peche da xornada.

Desenvolvemento:

Duración: 4 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 16 de marzo

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

AS AUTONOMÍAS EN ESPAÑA E CHINA: GALICIA COMO EXEMPLO. PU11023

Descrición:

Visita dunha delegación chinesa a Galicia, pertencente ao Instituto de Etnoloxía e Antropoloxía de Beijing, para coñecer o funcionamento do Estado das autonomías.

Programa:

- 4 de abril: As autonomías en España: unha aproximación panorámica
- 5 de abril: O marco político do exercicio autonómico. O Estatuto de Autonomía.
- 6 de abril: O marco económico. A organización administrativa do Estado das autonomías
- 7 de abril: A ordenación do territorio e a autonomía.
- 8 de abril: As grandes claves da autonomía de Galicia: Constitución e Estatuto.
- 11 de abril: O Estado autonómico: da Constitución á segunda descentralización
- 12 de abril: Goberno central e autonomías: cooperación e conflito
- 14 de abril: Teorizacións sobre a problemática das nacionalidades

Desenvolvemento:

Duración: 100 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 4 ao 14 de abril



XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A LEI 9/2010, DO 4 DE NOVEMBRO, DE AUGAS DE GALICIA. PU11015

Descrición:

Dar a coñecer a Lei de augas de Galicia, fundamentalmente nos seus aspectos tributario, de abastecemento, de saneamento e de depuración.

Programa:

9:00 Inauguración

9:30 O réxime xurídico da xestión das augas

10:15 A Lei de augas de Galicia

11:30 A Lei de augas de Galicia: a xestión do canon da auga e do coeficiente de vertedura

12:30 Mesa de debate sobre os tributos establecidos na Lei de augas de Galicia

16:30 Abastecemento de poboacións e saneamento e depuración de augas residuais urbanas

17:30 Planificación de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais

18:30 Mesa de debate sobre os plans de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais en Galicia

19:30 Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 7 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 13 de abril

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

O PROCESO ELECTORAL E RENOVACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS. PU11009

Descrición:

Poñer en coñecemento dos técnicos e empregados municipais das entidades locais galegas as novidades na lexislación sobre réxime electoral local que sofren importantes modificacións neste convocatoria (mocións de censura, igualdade de xénero nas listas, novo censo electoral). Así mesmo, profundar no procedemento electoral completo que vai desde a convocatoria das eleccións ata a constitución das corporacións e elección do alcalde.

Programa:

4 de maio

9.30-10.00 Inauguración

10.00-12.00 Análise das novidades introducidas na materia polas leis Orgánicas 2/2011 e 3/2011, do 28 de xaneiro. Difusión das novidades na doutrina da Xunta Electoral Central desde o ano 2007. Fases do proceso electoral.

12.30-14.30 A administración electoral: composición, funcións e constitución. A actividade municipal durante o proceso electoral: obrigas legais e colaboración administrativa. Funcións do secretario como delegado da Xunta Electoral de Zona.

16.30-18.00 O goberno local en funcións: actos de administración ordinaria. Actuacións previas á constitución da nova corporación. Constitución do concello e elección de alcalde.

18.00-19.30 Autoorganización da corporación: órganos necesarios e órganos complementarios. Acordos de goberno, administración e delegación. Aspectos xurídicos e económicos.

5 de maio

17.00-19.00 Estatuto dos membros da corporación e grupos políticos: especial referencia aos concelleiros non adscritos. Modificacións sobrevidas da corporación.

19.00-19.30 Mesa Redonda: Problemas prácticos na renovación das entidades locais galegas.

Desenvolvemento:

Duración: 10 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 4 e 5 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

AS MICROALGAS COMO FONTE SOSTIBLE DE PRODUCCIÓN DE BIOCOMBUSTIBLES E DE TRATAMIENTO DE RESIDUOS HÍDRICOS: O PROXECTO ENERBIOALGAE. PU11010

Descrición:

O obxectivo desta xornada é dar a coñecer o Proxecto EnerBioAlgae (SOE2/P2/E374) cofinanciado polo Programa de Cooperación Territorial Suroeste Europeo 2007-2013 e o potencial das microalgas como fonte de produción de enerxía continua, inesgotable e non contaminante.

Programa:

9:15 a 9:45.Recepción e entrega de documentación

9:45 a 10.00 Inauguración da xornada

10:00 a 11:30 O proxecto EnerBioAlgae: obxectivos e plan de traballo

12:00 a 13:30 As microalgas como fonte de produción de biocombustibles

13:30 a 13:35 Clausura da xornada

Desenvolvemento:

Duración: 4 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 10 de maio



XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A INTRODUCCIÓN E APLICACIÓN DO ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. PU11024

Descrición:

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia e Club de Innovación, organizaron unha xornada de formación que ten por obxectivo analizar a problemática derivada da entrada en vigor do Esquema Nacional de Interoperabilidade, Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, de obrigado cumprimento polas diferentes administracións públicas.

A xornada permitiulles tanto aos responsables políticos, como aos das áreas técnicas, organizativas e xurídicas, familiarizarse coas novas normativas, as súas esixencias de cumprimento e as formas de responder á súa correcta aplicación, a través de sesións de formación específica, relatorios e mesa redonda con posterior debate e conclusións.

Programa:

10:00 Apertura

10:30 Introducción ao ENI e folla de ruta para a súa aplicación

11:40 Aplicación práctica do ENI nas Administracións Públicas

12:30 Experiencias e proposta de aplicación do ENI nas AA.PP.

14:00 Coloquio

Desenvolvemento:

Duración: 4 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 11 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

XXI XORNADAS NACIONAIS DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS. PU11017

Descrición:

Novidades normativas de enfoque internacional, proxectos legislativos e normas técnicas, servizos a usuarios.

Programa:

2 de xuño

09.30 h Inauguración das XXI Xornadas Nacionais de ITV

10.00 h Conclusións da Conferencia Internacional de CITA celebrada en Berlín no 2011

10.30 h A necesidade de avanzar no control das emisións: *Emission Check 2010*

11.00 h Novas regulamentacións comunitarias de homologación, certificación e etiquetado de pneumáticos

12.30 h Avance da Revisión 7ª do Manual de Procedemento de Inspección das estacións de ITV

13.00 h Novidades legislativas nacionais durante o ano 2010: Manual de Reformas

13.30 h O rexistro de vehículos e a súa vinculación coa ITV. Proxecto ITICI

14,00 h Preguntas aos relatores

3 de xuño

10.00 h A Regulamentación actual Nacional e Directiva Marco en vehículos de categorías M2 y M3

10.30 h Inspección previa a matriculación de vehículos completados en España

11.00 h Preguntas aos relatores

12.00 h Talleres e ITV's: función social e cultura do mantemento responsable do automóbil.

12.30 h Historia de Supervisión e Control, evolución da ITV en Galicia

13.00 h Resultados da ITV en Galicia no ano 2010

14.00 h Clausura das XXI Xornadas Nacionais de ITV

Desenvolvemento:

Duración: 10 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 2 e 3 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A NORMATIVA DAS AXUDAS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL EN GALICIA. PU11012

Descrición:

Estudo da normativa estatal e autonómica en materia de subvencións de cooperación exterior e análise do correcto desenvolvemento normativo que debe abordarse na materia en Galicia.

Programa:

16 de xuño

10:30 h. Sesión inaugural

11:00 h. Posibles dificultades da translación do Real decreto 794/2010, do 16 de xuño, ao autonómico e posibles solucións

12:30 h. As subvencións e axudas de cooperación internacional suxeitas aos principios de publicidade e concorrencia

Sesión de tarde:

16:30 h Mesa redonda: Estudo comparativo da realidade normativa autonómica do réxime xurídico das axudas de cooperación exterior

17 de xuño

10:00 h. Mesa redonda: As peculiaridades normativas do réxime xurídico das subvencións de cooperación exterior

12:00. h. Mesa redonda: A problemática xurídica derivada da realidade orzamentaria e de control das subvencións de cooperación exterior

13:30 h. Conclusións e peche das xornadas

Desenvolvemento:

Duración: 7 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 16 e 17 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

NOVIDADES NORMATIVAS EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO. PU11011

Descrición:

Difundir as últimas novidades en materia de normativas de ordenación do territorio e urbanismo promulgadas pola Xunta de Galicia, en particular as instrucións de aplicación da LOUGA, as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, explicando a súa significación, finalidade e efectos perseguidos.

Programa:

10.00 h. Inauguración

10.15 h. Instrución 1/2011, do 12 de abril, para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza. Instrución 3/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria décimo terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

11.30 h. Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao amparo do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

13.00 h. As directrices de ordenación do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

16.30 h. O Plan de ordenación do litoral

18.15 h. Mesa redonda. O urbanismo en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro

19.30 h. Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 7 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 21 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

DEMOGRAFÍA E DESENVOLVEMENTO. CLAVES PARA UNHA POLÍTICA DE INVERSIÓN DAS INCERCIAS DEMOGRÁFICAS EN GALICIA. PU11020

Descrición:

Achegar información sobre a situación demográfica de Galicia e sobre as posibles actuacións que desde o ámbito das políticas públicas e da sociedade civil se poidan articular sobre o particular. Trátase de realizar unha análise desde a perspectiva comparada, reflexionando sobre a situación actual, con especial énfase no ámbito rural galego e ponderando as posibles liñas de actuación futuras.

Programa:

26 de outubro

10:00 h. Inauguración

10:30 h. O panorama demográfico de Galicia en perspectiva política: orixe e causas do problema, enunciado de obxectivos e confección dunha axenda de prioridades

12:00 h. A demografía galega en perspectiva biomédica: descrición, análise e perspectivas

13.00 h. A demografía galega en perspectiva económica: descrición, análise e perspectivas

17:00 h. Emigración e inmigración en Galicia: análise da mobilidade da poboación e dos seus efectos na sociedade galega

18:45 h. Migracións e crecemento demográfico. Visión comparada: Andalucía e Galicia

27 de outubro

10:00 h. Os cambios estruturais da poboación nos países europeos. As variables do caso español

11:00 h. Estrutura familiar e equilibrio demográfico: a perspectiva esquecida

12:00 h. Os permisos por nacemento e por adopción e a súa aplicación nas políticas de restauración demográfica en Galicia

13:00 h. A influencia das condicións laborais da muller na evolución demográfica. O caso de Galicia

17:00 h. Causas e consecuencias da baixa natalidade. Especial referencia ao caso galego

18:00 h. O problema demográfico de Galicia desde a perspectiva de xénero. Claves para unha política de renovación demográfica

19:00 h. As políticas públicas de soporte ás familias e as súas consecuencias na estrutura demográfica

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

28 de outubro

10:00 h. Cara a un modelo ideal de poboación: bases e referencias para unha política demográfica en Galicia

11:30 h. Declive demográfico en Galicia e territorio: o deseño de políticas públicas nun espazo complexo e heteroxéneo

16:30 h. A resposta ao envellecemento da poboación no marco da Estratexia de Lisboa. Aproximacións ao caso de Galicia

18:00 h. A restauración demográfica de Galicia: unha política entre a necesidade e a utopía

19:00 h. Resumo e conclusións

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 26 ao 28 de outubro



XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

SEMINARIO TÉCNICO SOBRE O APROVEITAMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A XESTIÓN ENERXÉTICA SOSTIBLE NAS ENTIDADES LOCAIS. PU11005

Descrición:

O obxectivo deste seminario, sobre o aproveitamento das enerxías renovables e a xestión enerxética sostible nas entidades locais, é darlle a coñecer ao persoal das entidades locais as diferentes liñas de axuda para o aproveitamento das enerxías renovables, e para o fomento do aforro e a eficiencia enerxética nas súas instalacións, así como, para presentar o Proxecto 0023_ESOL_1_E, cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteriza (POCTEP) e as actividades realizadas no marco do devandito proxecto.

Programa:

09.00 h. Recepción e entrega de documentación

09.20 h. Inauguración da xornada

09.40 h. A xestión enerxética sostible nas entidades locais

10.00 h. Axudas ao aproveitamento das enerxías renovables en entidades locais

10.30 h. Axudas para o fomento do aforro e a eficiencia enerxética nas entidades locais

11.30 h. Proxecto Esol; Obxectivos, resultados esperados e revisión da situación actual

12.00 h. Aproveitamento da biomasa forestal para usos enerxéticos. Situación actual e posibilidades

12.30 h. Aplicacións de district heating. Planta de produción de enerxía a partir de biomasa no Concello de Riós (Ourense)

13.00 h. Planta de produción de enerxía a partir da biomasa e solar térmica nas instalacións do Instituto Politécnico de Viana do Castelo

13.30 h. Curso de xestor enerxético municipal: alcance e resultados. Presentación da reportaxe multimedia sobre as instalacións do proxecto

Desenvolvemento:

Duración: 3 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 18 de xaneiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

DESAÍOS DA XESTIÓN PÚBLICA DEMOCRÁTICA E AS POLÍTICAS PÚBLICAS NO BRASIL E NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PU11002

Descrición:

Proporcionarlles aos asistentes unha visión de conxunto sobre as políticas das Administracións públicas no Brasil e na Comunidade Autónoma de Galicia, para a procura de solucións á problemática das sociedades actuais no contexto dunha sociedade democrática en tempos de crise.

Programa:

- 10.00 h Apertura do seminario
- 10.15 h A política turística da Xunta e a importancia do turismo na economía galega
- 10.45 h Políticas públicas en Brasil nunha situación de crise
- 11.15 h Xestión pública democrática e políticas públicas: o exemplo brasileiro
- 12.00 h IGAPE: Ferramentas de promoción económica de Galicia
- 12.30 h Políticas públicas de comercio da Xunta de Galicia.
- 12.45 h Administración e función pública na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 13.15 h A cooperación transfronteiriza: unha experiencia para exportar
- 13.30 h Preguntas e coloquio entre os participantes e os relatores.
- 14.00 h Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 4 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 25 de xaneiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

II SEMINARIO LUSO-GALAICO DE DEREITO LOCAL, REFORMA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PU11018

Descrición:

Divulgar a regulación xurídica portuguesa e galega sobre a legalidade urbanística, as institucións e os instrumentos para a súa protección. Informar sobre os procesos de reorganización das entidades locais na Comunidade Autónoma de Galicia e en Portugal.

Programa:

09:45 h Inauguración

10:00 h 1ª Sesión: Reforma da Administración Local

11:15 h Debate

11:45 h 2ª Sesión: Tutela da Legalidade Urbanística I. As medidas de tutela da legalidade urbanística

12:45 h Debate

15:00 h 3ª sesión: Tutela da Legalidade Urbanística II. Os suxeitos da tutela: quen a aplica?

16:00 h Debate

16:30 h 4ª sesión: Tutela da Legalidade Urbanística III. Autonomía local en perigo?

17:30 h Debate

17:45 h Conclusións/Peche

Desenvolvemento:

Duración: 7 horas

Lugar e data:

Monção (Portugal): 8 de xullo

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Conferencias

CONFERENCIA DE JOSEPH H. H. WEILER SOBRE O ADN POLÍTICO E LEGAL DA UNIÓN E A ACTUAL CRISE EUROPEA. PU11019

Descrición:

J. H. H. Weiler é catedrático e director do centro Jean Monnet para a xustiza e o dereito económico rexional e internacional da Universidade de NY. Anteriormente, ocupou unha cátedra na Facultade de Dereito de Michigan, e con posterioridade nas de Manley Hudson e Jean Monnet da Facultade de Dereito de Harvard. Estudou Dereito nas universidades de Sussex (licenciatura), Cambridge (licenciatura e máster) e no Instituto Universitario Europeo (doutorado). Foi investido como doutor Honoris Causa por diversas universidades. Weiler é xefe de redacción da Revista Europea de Dereito Internacional e da Revista Internacional de Dereito Constitucional-. Desempeñou varios cargos como asesor dalgunhas institucións da Unión Europea e foi mediador en varias causas internacionais.

Desenvolvemento:

Duración: 2 horas

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 12 de setembro



CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos de especialización

CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO DA PUBLICIDADE. PU11007

Obxectivos:

O presente curso superior ten como obxectivo principal ensinar os elementos do Dereito da Publicidade aos alumnos a través de clases teóricas e prácticas.

Desenvolvemento:

Duración: 52 horas

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 14 de marzo ao 2 de maio

Prazas: 50

Contido básico:

O concepto de publicidade. A Directiva comunitaria sobre publicidade enganosa e comparativa. A Directiva comunitaria sobre comunicación audiovisual. A Directiva comunitaria sobre a publicidade de medicamentos. A Directiva comunitaria sobre a publicidade de tabaco. A Directiva comunitaria sobre prácticas comerciais desleais fronte aos consumidores. A publicidade contraria aos valores e dereitos constitucionais. A publicidade enganosa. A esaxeración publicitaria. A publicidade encuberta. A publicidade indirecta. A denigración publicitaria. A publicidade de ton excluínente. A Lei de Defensa da Competencia e a publicidade. A publicidade confusionista. A publicidade adhesiva. A publicidade financeira. A cláusula xeral prohibitiva da publicidade ilícita. A publicidade comparativa. O delito publicitario. O contrato de publicidade. A creación publicitaria e a imitación. As accións para prohibir a publicidade ilícita e desleal. O procedemento xudicial en materia de publicidade ilícita e desleal. A publicidade institucional estatal. A publicidade institucional nas Comunidades Autónomas. A Constitucionalidade da Lei Xeral de Publicidade. A publicidade e as denominacións de orixe. A publicidade exterior. A publicidade en Internet. A autodisciplina publicitaria en Italia. A publicidade en Galicia.

Convocatoria:

DOG núm. 35, do 21 de febreiro de 2011

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

III CURSO SUPERIOR DE FORMACIÓN DO ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PU11008

Obxectivos:

Completar a formación dos enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos en relación aos traballos que poden desenvolver na Administración municipal. Actualizar os conceptos urbanísticos de planificación e xestión, e a súa adaptación á práctica do urbanismo municipal de Galicia. Actualizar a formación do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos nos proxectos de urbanización e as obras de competencia municipal e supramunicipal. Formar ao enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos municipal no papel de interlocutor municipal no diálogo con outras administracións (central, Autonómica, deputacións, organismos autónomos, etc.). Mellorar a competencia profesional dos enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos que desenvolven a súa actividade no exercicio libre ou en entidades privadas que deban relacionarse coa Administración local.

Desenvolvemento:

Duración: 120 horas

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 18 de febreiro ao 11 de xuño

Prazas: 40

Contido básico:

Estrutura organizativa do estado e o papel das Entidades Locais (municipios e deputacións). A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: competencias e obrigas das Entidades Locais. Competencias dos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, funcións e responsabilidades do enxeñeiro municipal. A lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Lexislacións sectoriais con incidencia nas Entidades Locais (ordenación do territorio, estradas, augas, costas, portos, patrimonio, medio ambiente e espazos protexidos, etc.). Lexislación sobre prevención de riscos laborais: responsabilidades do Enxeñeiro de Camiños municipal. A lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: procedementos, redacción de informes, participación dos cidadáns, etc. Novas tecnoloxías ao servizo do enxeñeiro municipal: SIG's, cartografía dixital, fotografía aérea, información de satélites, etc. O marco legal da ordenación do

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

territorio e do urbanismo en Galicia. O plan xeral municipal. Os plans de desenvolvemento urbanístico. Informes urbanísticos do plan xeral municipal e dos plans de desenvolvemento. Os proxectos de urbanización. Os sistemas de xestión urbanística. Os convenios urbanísticos. A disciplina urbanística. A avaliación ambiental dos plans. A sostibilidade e a protección do medio ambiente no ámbito das Entidades Locais. Coordinación da planificación de infraestruturas e servizos con administracións supramunicipais e entidades privadas. O proxecto das infraestruturas de transporte: estradas urbanas, rúas, ferrocarrís urbanos e metropolitanos, estacións de ferrocarril e autobuses, aparcadoiros, intercambiadores, etc. Aspectos prácticos da construción das infraestruturas de transporte. O proxecto dos servizos urbanos municipais: abastecemento, saneamento, iluminación pública, control de tráfico, enerxía eléctrica, telecomunicacións, distribución de gas, xestión de residuos sólidos, etc. Aspectos prácticos da construción dos servizos urbanos municipais. Infraestruturas das áreas industriais e das áreas empresariais. Os equipamentos e as dotacións públicas. O proxecto dos espazos libres (prazas, bordos fluviais, litoral, parques, etc.). Lexislación sobre accesibilidade e incidencia na xestión municipal. A xestión dos servizos municipais e a relación cos concesionarios. A xestión do patrimonio e os bens municipais: adquisición, inventariado, cesión, alienación, etc. Aspectos particulares dos proxectos de expropiación, asignación do valor do chan e mutuos acordos.

Convocatoria:

DOG núm. 15, do 24 de xaneiro de 2011

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

CURSO SUPERIOR DE TÉCNICO DE URBANISMO. PU11014

Obxectivos:

Pretende que os alumnado adquira os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que os capaciten para traballar no mundo do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo. O estudo do urbanismo faise partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia, nos aspectos de maior interese, á normativa autonómica e, especialmente, á da Comunidade Autónoma galega. Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

Desenvolvemento:

Duración: 264 horas

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 29 de setembro de 2011 ao 19 de xullo de 2012

Prazas: 46

Contido básico:

Módulo 1. A escala territorial (44 horas teóricas e 44 horas prácticas).

Módulo 2. O planeamento do urbanismo (44 horas teóricas e 44 horas prácticas).

Módulo 3. Xestión e disciplina urbanística (60 horas teóricas e 28 horas prácticas).

Convocatoria:

DOG núm. 100, do 25 de maio de 2011

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

CURSO SUPERIOR DE TÉCNICO DE AMBIENTE. PU11013

Obxectivos:

A integración da dimensión ambiental na formación de técnicos, funcionarios e directivos ao servizo da Administración autonómica e local galega, que desenvolvan a súa actividade na área ambiental, coa finalidade de proporcionarlles unha formación teórico-práctica e adecuala ás exigencias que demanda a sociedade actual, en prol de mellorar a xestión ambiental e poder contribuír á protección e conservación ambiental da nosa comunidade de cara á sustentabilidade futura de Galicia. Trátase de formar expertos cunha visión global e integradora da problemática ambiental nos múltiples sectores, desde a óptica de calquera das administracións públicas, en políticas ambientais, sen esquecer os aspectos que poidan ser de importancia para os profesionais liberais, directivos ou xestores ambientais de empresa, ben do sector público ou do privado.

Desenvolvemento:

Duración: 100 horas

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 3 de outubro ao 20 de decembro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo I: Introducción xeral, marco institucional, aspectos económicos e técnicos (12 horas)

Módulo II: Ferramentas de xestión ambiental (12 horas)

Módulo III: Calidade do aire, modelo enerxético sustentable e loita contra o cambio climático (10 horas)

Módulo IV: Xestión das augas (10 horas)

Módulo V: Xestión dos residuos e solos (18 horas)

Módulo VI: Xestión do medio natural e medio construído (16 horas)

Módulo VII: Visitas prácticas (20 horas)

